

Cita coas urnas o 26 M: trece candidatos para catro Concellos

EMPRESA

Moda, deseño e xoiaría dan un novo pulo ao Melide Está de Moda P22

MELIDE

Críticas ao goberno local pola xestión da celebración da Esmorga P26

CULTURA

Todo sobre o melindre da man do presidente da Asoc. Melide Terra Doce P28

ENTREVISTA



Javier Mouriño,
Intermax
P31



Candidatura do PP de Melide



Candidatura do BNG de Melide



Candidatura do PSdeG-PSOE de Melide



Candidatura de Adiante Melide

Tralas eleccións xerais chegan os comicios municipais do 26 de maio. Na comarca son un total de 13 candidatos os que finalmente optan ás alcaldías dos catro Concellos; catro en Melide, e tres nos demais municipios.

Ao igual que hai catro anos, desta vez o xornal Cerne preparou unha edición especial na que entrevistou a cada candidato e candidata da comarca. Recollemos así, o balance de goberno e da oposición en Melide, Santiso, To-

ques e Sobrado, e coñecemos os principais obxectivos do programa electoral de cada aspirante ao goberno para os vindeiros catro anos.

Edición especial

26-M
Eleccións municipais

**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS
TERRA DE MELIDE**

29 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com

Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)



“Durante a miña lexislatura o goberno de Melide actuou sempre conforme á Lei”

CANDIDATURA

1. Dalia García Couso
2. Pablo Costoya Varela
3. Jesus Vidal Quintela
4. Raquel Rúa Vaamonde
5. Natividad Laya García
6. María Jesús López Mouron
7. María Rosa Cabado Rodríguez
8. Carlos Mosteiro Liñeira
9. Yolanda Pérez Ferreira
10. Javier Polo Durán
11. Daniel Blanco Varela
12. Verónica Mella Blanco
13. José Antonio Barreiro García

Suplentes

1. María del Carmen Fisteus Sánchez
2. María Jesús López Fandiño
3. María Vanesa Rey Vidal
4. Antonio Loureiro Cajide
5. Miguel Vázquez Seijas
6. Rosa María García Rúa
7. Roberto López Pedrouzo
8. Cristina Mato Valiño
9. Javier Rodríguez Sánchez
10. José Antonio Garea Fernández

Dalia García Couso, candidata do PP á alcaldía de Melide



- Que balance fai do seu mandato?

- **Dalia García (D.G.):** Cando collín as rendas do goberno popular no Concello de Melide, aló polo ano 2015, a lexislatura xa estaba comezada e limitámonos a seguir cumprindo coa veciñanza de Melide como sempre o fixo o Partido Popular nos gobernos locais. Melide, grazas á xestión do Partido Popular é unha vila que cambiou para ben nestes últimos anos. Temos unha avenida propia dos grandes municipios que recibe aos peregrinos e aos turistas como a avenida de Lugo, e tamén unha estrada renovada para os que deciden achegarse a Melide pola estrada de A Coruña. Melloramos os accesos tamén á vila na Ronda de Pontevedra, principal entrada tamén a nosa vila. Foi unha lexislatura na que baixamos impostos e incrementamos as axudas ás familias de Melide que deciden ter fillos e afincarse na vila. Incrementamos melloras nos accesos do rural, no casco urbano, tivemos programación de ocio todas as semanas do ano para ofrecer alternativas á veciñanza, fomos capaces de que o Centro Médico de Melide sexa unha realidade, atopámonos inmersos na ampliación do polígono industrial, renovamos un cantón de San Roque que necesitaba dunha rehumanización en pleno casco urbano. En definitiva, intentamos facer de Melide a mellor vila para vivir, onde a calidade de vida tanto para pequenos como para maiores sexa o noso maior obxectivo. Penso que pouco a pouco, estámolo conseguindo.

- De que medidas se sente vostede máis orgullosa?

- **D.G.:** A verdade é que non sabería quedarme só con unha. A xestión que se fixo para que o centro de saúde sexa unha realidade en Melide foi increíble, no que corresponde á colaboración entre a administración local, o Concello de Melide e a administración autonómica, a Xunta de Galicia. Ambas puxemos todo da nosa parte para conseguir axilizar os trámites. Non quero menosprezar tampouco os traballos que levamos feito en canto a ampliación do polígono industrial para dotar a Melide de máis solo onde poidan afincarse máis empresas ou tamén todos os trámites levados a cabo para solucionar o problema de vertidos no cauce do río Furelos. Son problemas cos que contaba Melide e que estamos na senda de solucionalos.

- Hai algo que lle houbese gustado levar a cabo pero que non puido ser?

- **D.G.:** Gustárame ter ampliado a Formación Profesional en Melide, ben é certo que é unha medida na que estamos traballando, pero na que non só está implicado o Concello de Melide senón outras administracións coas que xa mantivemos os primeiros contactos. Estou convencida que será unha realidade en pouco tempo.

- Cales son para vostede os principais problemas na vila de Melide?

- **D.G.:** Un dos principais problemas cos que conta Melide é a es-

casa colaboración que tivo a Deputación da Coruña, gobernada polo socialista Valentín Formoso ata o momento. Os veciños e veciñas de Santa María non teñen beirarrúas, e as que teñen están nun estado calamitoso, máis propio dunha correioira que dunha parroquia. Están cansos de reclamar ao Concello de Melide que se lle arranxen as beirarrúas, e eu estou cansa de reiterar a petición á Deputación, que fai oídos xordos as reclamacións da veciñanza melidá. Outros problemas derivados da nefasta xestión do socialista Formoso na Deputación e que afectan directamente a Melide son o estado da estrada e beirarrúas na avenida de Toques e Friol ou o excesivo recorte que sufriu a nosa vila en canto a subvencións e axudas aos concellos. O goberno popular da vila é vítima da nula xestión de Formoso ao fronte do goberno provincial. A maiores, algo que tamén me preocupa como alcaldesa de Melide é os poucos cartos que o goberno central destina para os tramos da A-54 que máis nos afectan. O tramo Palas de Rei-Melide e Melide-Arzúa. Unhas boas comunicacións son necesarias para que Melide medre.

- Que solución lles daría a eses problemas?

- **D.G.:** Eu teño claro cal é a solución a eses problemas, que a Deputación da Coruña volva a estar gobernada polo Partido Popular. Foi o meu partido o que deixou con débeda cero o goberno provincial.

Co PP como xestor da Deputación da Coruña, Melide recibía moitos máis fondos e non era marxinada do xeito que o foi durante estes catro anos. O PP na Deputación da Coruña gobernaba para todos, independentemente da súa cor política. Iso é o que necesitamos.

- Como afrontaría un novo mandato?

- **D.G.:** Con ilusión, penso que é o ingrediente que me fai erguerme cada día e vir a Alcaldía cun sorriso. Sabendo que se están facendo as cousas ben e que un goberno do PP é a xestión que merece a veciñanza.

- Por que diría que é vostede a mellor candidata á alcaldía que pode ter Melide?

- **D.G.:** Son unha persoa formada e que coñece de primeira man cales son os problemas da veciñanza de Melide. Como van solucionar os problemas dos veciños e veciñas aqueles candidatos que non coñecen o día a día dos veciños ou mesmo teñen o seu lugar de residencia fóra da vila?

- Que destacaría da súa candidatura?

- **D.G.:** Presentamos unha candidatura do Partido Popular renovada por unha banda pero que pola outra conta con veciños e veciñas de Melide que xa nos veñen apoiando dende hai moitos anos. Somos persoas formadas e profesionais nos nosos ámbitos laborais. Todos temos unha máxima en común: traballar por e para Melide.

- Cales van a ser os piares fortes do seu programa electoral de cara á futura lexislatura?

- **D.G.:** A rehabilitación integral do casco antigo mediante a creación dun ARI Camiño de Santiago para potenciar o casco antigo e o Camiño de Santiago; novos espazos para as asociacións: reutilización de edificios públicos; máis prazas de aparcamento público; política fiscal de débeda cero; Mesa de Sectorial de Turismo e Plan Director de Turismo; novos espazos deportivos concentrados: pistas de atletismo, e dinamización do rural entre outras cousas.

- Que balance fai das principais polémicas dos últimos anos?

- **D.G.:** O goberno de Melide durante a miña lexislatura actuou sempre conforme á Lei. Esa é a nosa maior premisa. A planta de biomasa non chegou a instalarse en Melide porque a xestión por parte da empresa non era clara, ante iso, o Concello de Melide púxose de parte da Lei. Na praia fluvial de Furelos o Concello de Melide está levando a cabo un estudo que

sexa capaz de clarificar cales son as solucións para rematar dunha vez por todas con este problema. O tema da Foliada é algo do que se ten falado moito nestes últimos meses, a postura do Concello sempre é transparente: a Asociación o Castelo recibe das arcas municipais 4.000 euros para organizar a Festa como se fai con outras asociacións e se fixo sempre. A día de hoxe aínda non entendemos o que sucedeu este ano. É ano electoral. Algo me di que o ano que vén, haberá de novo foliada, tempo ao tempo.

- Que valoración fai do traballo da oposición?

- **D.G.:** Podería dicir que a oposición en Melide durante estes catro anos foi nula. Tanto BNG como PSOE non aportaron nin unha soa idea para mellorar a vida dos veciños e veciñas. Estar na oposición é ser construtivo; vixiar o labor do equipo de goberno si, iso intentaron facelo, sempre saíndo na prensa con informacións falsas que o único que conseguiron foi enganar aos veciños e veciñas. Pero o tempo, sabedor, sempre pon a cada un no seu lugar, e o meu goberno fala con feitos, están aí para velos.

- Cre que as demais administracións se implican o suficiente co Concello de Melide?

- **D.G.:** A Xunta de Galicia nestes catro anos sempre recibiu as reclamacións do Concello de Melide con axilidade e celeridade, para proba algúns exemplos: a rapidez coa que se tramitaron todas as xestións para que o centro de saúde sexa unha realidade (que o será nos vindeiros meses co comezo das obras e a axuda que aportan), ou o parque de última xeración para os máis cativos no cantón de San Roque. Este será un parque infantil que terá en conta a nosos con necesidades especiais e adaptado aos máis pequenos de Melide. Da Deputación da Coruña como xa dixen anteriormente agardabamos máis neste mandato. Os veciños e veciñas de Melide para o socialista Formoso, presidente do organismo provincial, non existen. Beirarrúas de Santa María, melloras da accesibilidade na avenida de Toques e Friol, axudas e subvencións para o Concello de Melide... O señor Formoso visita Melide para sacarse fotos co portavoz socialista no polígono Industrial de Melide ou na sede da asociación de Empresarios, que está moi ben apoiado aos emprendedores e os empresarios de Melide, pero esa xente tamén vive en Melide e precisa de beirarrúas, mellor accesibilidade para chegar aos seus fogares e programación cultural e deportiva para gozar do seu tempo libre.



EN MELIDE SÍ

**DALIA
GARCÍA
COUSO**





“Un Melide con futuro non se pode lograr dende a confrontación”

CANDIDATURA

1. Xesús Pereira López
2. Xesús María Jubón Salgado
3. María Fernández Carnero
4. Manuel Souto Vázquez
5. María Luz Martínez Pedreira
6. Gutier González Lirio
7. Diego Quintela Sesar
8. María Concepción López Iglesias
9. Hadrián Mosteiro Cagide
10. María do Carme Alonso Rodríguez
11. Ana María Mosteiro Sánchez
12. Carlos Vicente Parrado Garea
13. Uxía María Ramona Iria Fuciños Vázquez



Xesús Pereira, candidato do BNG á alcaldía de Melide

- Preséntase vostede como candidato do BNG en Melide, que o levou a tomar esa decisión?

- **Xesús Pereira (X.P.):** A decisión tomouse fai 3 anos escasos, unha vez que asumín a acta de concelleiro que deixara vacante José María Santín. Por aquelas, era evidente que o BNG tiña a obriga de respectar ao seu electorado e ao pobo en xeral, ademais era moi necesario fiscalizar dunha forma eficiente ao PP. Os meus compañeiros, e compañeiras, entendían que era a persoa apropiada para asumir o papel de voceiro municipal para despois presentarme á alcaldía. Así mo formularon a aceptei sen dubidalo. Simplemente é unha cuestión de compromiso co lugar onde estudei o bacharelato e onde fixei a miña residencia dende fai 17 anos.

- Por que diría que é vostede o mellor candidato á alcaldía que pode ter Melide?

- **X.P.:** Eu non falaría do mellor candidato, creo que non queda nada ben auto-cualificarse. Máis ben, eu diría que teño unha experiencia acumulada tanto no ámbito académico-profesional como de xestión pública e conto co respaldo de persoas involucradas e con moita ilusión. Esta circunstancia permitiríalle ao BNG desenvolver en Melide proxectos levados a cabo con moito éxito noutros concellos, tipo Allariz, Muras, Carballo, Poio, Pontevedra e un logo etcétera. En todo caso, esta cues-

tión debe valorala o electorado.

- Tras coller as rendas do BNG a finais de 2016, que balance fai do seu labor de oposición?

- **X.P.:** Eu considero que a nosa función na oposición foi construtiva, sen grandes estridencias. Nós, non nos caracterizamos por empregar unha linguaxe ofensiva, tratamos de controlar o labor do PP. Quizais, o máis destacado do BNG fose a presión en relación á paralización do proxecto da planta da biomasa, debido a súa forma inoportuna e chapuceira. Digamos que fixemos un labor positivo en prol do concello.

- Que destacaría da candidatura, do seu equipo?

- **X.P.:** Está claro que a candidatura do BNG aporta experiencia e moitas ganas de traballar. É máis, eu considero que os nosos avais son a traxectoria profesional e política, así como a coherencia ideolóxica, do conxunto das persoas que a formamos. Por certo, hai un matiz importante —na nosa candidatura— que salta á vista: estamos dispostos a gobernar.

- Cales serán os piares básicos do voso programa electoral?

- **X.P.:** Poderíase dicir que traballamos con cinco eixos programáticos. Primordialmente, o BNG desexa un Melide sostible, polo que é urxente executar aqueles investimentos que favorezan un desenvolvemento sostible dende o punto de vista económico, social e medioam-

biental. Iso pasa por fuxir de obras innecesarias, por reestruturar a rede de saneamento, por protexer os ríos, ... O BNG pretende un Melide para traballar, polo que promoveremos o desenvolvemento das capacidades produtivas do concello. Iso pasa por redefinir a estratexia do tecido empresarial de acordo coas oportunidades do trazado da A-54. Tamén poñeremos en marcha medidas contra o desemprego xuvenil e en favor das mulleres e persoas con diversidade funcional. Tamén hai que dignificar o rural, así que apostaremos por unha verdadeira harmonización entre as parroquias e a vila. As parroquias melidenses ven como nos últimos anos avanza as infraestruturas doutras de concellos limítrofes, esa fenda hai que corrixila. O BNG quere un Melide máis social, así que seremos coidadosos coas capas sociais máis vulnerables. De modo máis concreto, aplicaremos políticas sociais para combater a pobreza e o empobrecemento, coa correspondente progresividade nas taxas e impostos municipais. E outro eixo importante para o BNG é loitar por unha democracia participativa, polo que crearemos espazos de decisión colectiva cun regulamento de participación cidadá. De forma especial, respectaremos as distintas expresións culturais que enriquecen a identidade de Melide.

- Á parte das propostas do seu programa electoral, cales

son para vostede os principais problemas na vila de Melide? E que solucións lles daría a eses problemas?

- **X.P.:** A depuración de augas é a cuestión pendente e que o PP é incapaz de resolver. Hai que explorar todas as posibilidades técnicas para amañar este problema. Un concello sen Plan Xeral de Ordenación Urbanística non vai a ningures, Melide é un deles. Nós temos en mente deseñar unha circunvalación de vila, sobre todo para evitar o tránsito de vehículos pesados e por darlle un empuxe as sendas verdes que virían de marabilla para esa xente que fai, ou pode facer, exercicio ao aire libre.

- Se sae elixido alcalde, cales serán as primeiras medidas a tomar?

- **X.P.:** De entrada elaborar un orzamento para este exercicio, ao día de hoxe (mes de maio) o PP non foi capaz de aproballo. Isto non é de recibo, por non dicir unha irresponsabilidade maiúscula. A outro nivel e a modo de exemplo, fixaría unha reunión co persoal do concello para ver como se pode optimizar o traballo e, tamén, para valorar as reivindicacións que teñen sobre a mesma. Non é unha cuestión menor, en efecto a sintonía entre o goberno e o persoal ten que estar aí. Polo demais, está claro que o mercado dos domingos necesita unha urxente dignificación e débese atallar de inmediato a situación actual creando espazos atractivos para a venda de produtos da zona. En paralelo, débese buscar a maneira de establecer aparcadoiros disuasorios para rematar co caos do tráfico. É que non hai onde aparcar os coches. Esa é unha mala imaxe para o noso pobo. E, dado que fun Director Xerente da empresa pública Turgalicia durante 3 anos, marcaría dende o inicio unha estratexia para explotar debidamente o Camiño de Santiago, algo así como *Melide é a porta de entrada de Santiago*. Pois vexo que non se está aproveitando debidamente o potencial do fenómeno xacobeo.

- De non gañar con maioría, contempla a posibilidade de pactar con outros partidos?

- **X.P.:** Eu penso que non é aconsellable botar contas no

aire, pero quero deixar claro que o BNG está disposto a tender pontes coas forzas —declaradas publicamente— progresistas para formalizar un pacto por Melide.

- Que valoración fai do traballo do goberno de Melide e da xestión das principais problemáticas dos últimos anos?

- **X.P.:** Entendemos que un Melide con futuro non se pode lograr dende a confrontación, tan presente nas filas do PP, e mesmo do PSOE. Hai moitos exemplos que así o indican. O proxecto da biomasa ía deseñado de costas á cidadanía. Os vertidos do polígono industrial seguen aí como consecuencia das decisións de Ánxeles Vázquez e as súas nulas xestións, a contaminación da praia fluvial e a ocultación das valoracións das augas xa non ten xustificación. Mención especial merece a Foliada, un evento consolidado que se intentou usurpar con un invento de última hora. Esta foi unha mostra clara da falta de visión política de Dalia García, por dicilo dunha forma educada.

- Como valora a presenza dunha cuarta candidatura ás eleccións do 26 de maio?

- **X.P.:** Aire fresco non son dende logo, pero se vellos políticos entenden agora que hai espazo para unha cuarta forza política en Melide están no seu dereito. A modo de exemplo, recórdase que En Marea tivo en Melide soamente 45 votos nas eleccións xerais do pasado 28 de abril. En todo caso, dise que a diversidade nunca foi mala en democracia.

- Un último comentario.

- **X.P.:** Dicir que o BNG quere un proxecto dinámico para Melide e compatible coa súa identidade. Así que fará o posible para que Melide avance no eido agro-industrial e que sexa motor de creación de emprego segundo as súas potencialidades. En definitiva, o BNG está disposto a escoitar e buscar consensos entre os axentes económicos, sociais e educativos, con vistas a sentar unhas bases que definan un concello para vivir e traballar. É o momento de apostar por un Melide integrador, máis xusto e con máis igualdade, e que sexa esa referencia que se merece.



ELECCIÓNS MUNICIPAIS 2019 **MELIDE**



Agora

Coas
Ideas
Claras

Melide



Xesús Pereira



“Este goberno ten que deixar de ser só o goberno dos amigos”

CANDIDATURA

1. José Antonio Prado García
2. María Jesús Iglesias Sánchez
3. Mónica Barral Carregal
4. Adriana López Costoya
5. Demetrio Mellid Vázquez
6. María Jesús Lamela Rivas
7. Yolanda López Garabatos
8. Carlos Gómez Vázquez
9. Miguel Ayude Miguelez
10. Hermenegildo Blanco Arias
11. Pablo Míguez Suárez
12. Silvana López Besteiro
13. Jesús Vázquez Regueiro

Suplentes

1. María Olga Ortiz Monteagudo
2. José Alfonso Toledo García
3. María Virtudes Segade Enjamio
4. Ramón Gonzalo Sanmartín Pallares



José Prado, candidato do PSdeG-PSOE á alcaldía de Melide

- Repite como candidato socialista en Melide, qué foi o que o motivou?

- **José Antonio Prado (J.P.):** O apoio dos meus compañeiros e compañeiras, o apoio de moita xente de Melide que se viron reflectidos no traballo serio e riguroso de catro anos que levamos feito. Un traballo de escoitar a moita xente, sinalar os problemas con total claridade, e sinalar as solucións e propoñelas coa mesma claridade; solucións as cales o PP non aceptou nunca.

- Que balance fai do seu labor de oposición?

- **J.P.:** O balance que faga eu é importante, pero máis importante é o que fai a xente de Melide, e a xente o que nos está transmitindo é que valora moi positivamente o traballo de catro anos intensos sendo capaces de falar de cousas que non estaban na axenda pero que eran problemas que impedían o desenvolvemento de Melide, e de propoñer solucións directas para evitar eses problemas. Cando se fala de que non hai prazas suficientes de comedor escolar, de que a FP de Melide está marxinada cunha soa titulación cando Lalín ten doce ou Arzúa nove, a falta de chan industrial, o problema da praia fluvial, a mala xestión da piscina..., calquera tema, humildade témol, pero calquera tema que se vaia debater nesta campaña electoral foi tratado, denunciado e proposto de solucións por nós, polo Partido Socialista. Baseándonos niso temos un proxecto absolutamente crible porque sa-

bemos do que falamos, e sabemos o que levamos traballado; e iso recoñécenolo a xente.

- Por que diría que é o mellor candidato á alcaldía que pode ter Melide?

- **J.P.:** Iso non me corresponde a min dicilo, correspóndelle dicilo á cidadanía de Melide o 26 de maio. A min o que me corresponde é dicir que teño unha candidatura solvente, crible, con moita ilusión e moi comprometida con Melide. Esta candidatura ten un proxecto bo para Melide. Os catro anos de pasado, de retroceso do PP teñen que ser substituídos por catro anos de ilusión e catro anos de progreso. Se eu son o candidato máis axeitado ou non terao que dicir Melide. Ata o de agora o que si temos claro é que o Partido Socialista foi a única oposición contundente e real que tivo este goberno, iso está na rúa.

- Xa mencionada a candidatura, que obxectivos persegue o seu programa electoral?

- **J.P.:** En primeiro lugar, a actividade económica é un dos factores fundamentais, entendendo por actividade económica o desenvolvemento do parque empresarial, recuperar a feira que está morrendo e brindar oportunidades a agricultores e gandeiros, así como apoiar decididamente á Asociación de Empresarios que está movendo o comercio en Melide. Tamén hai que aproveitar realmente o Camiño de Santiago como unha parte fundamental da actividade

económica. Segundo aspecto; hai que recuperar algo tan fundamental como é a xestión deportiva. Non pode ser que tódalas instalacións deportivas se nos estean caendo a cachos e a xente teña que ir a facer deporte a outros sitios. Terceiro punto; é fundamental recuperar o Concello e a súa xestión para todos os melidenses, este goberno ten que deixar de ser o goberno dos amigos, e o resto marxinados. Temos que ter un goberno de dereitos e non de favores, que a xente se sinta cómoda co goberno e que o vexa como un catalizador, non como un atranco ou un problema; e é aí onde hai que eliminar cousas que o único que buscan é o seu lucimento. Non pode haber unha gala solidaria na que se gastan 14.000 euros unicamente para lucimento da alcaldesa; non pode haber un concurso de “Misses” no que se gastan 10.000 euros e que só serve para lucimento da alcaldesa cando non hai políticas sociais. Cuarto eixe do noso traballo: a política social e a política educativa; hai que concentrar os cartos que se están malgastando en axudar á xente, en crear un sistema de becas para a xente que non pode comprar libros e que ten problemas para o estudo; hai que ampliar a formación profesional de Melide, hai que crear unha aula de estudo cun horario amplo para que os nosos nenos e nenas poidan estudar; e tamén imos apoiar á xente para que poida conciliar a súa vida laboral e familiar cubrindo toda a de-

manda de comedor escolar e facendo un programa de madrugadores. E temos evidentemente outro eixe de traballo; o rural non pode estar abandonado como está agora, que soamente se lle arranxan as pistas cada catro anos. Hai que crear un plan rápido de intervención para que as pistas do rural sexan realmente vías de comunicación, non vías de atranco. Do mesmo xeito, queremos reordenar o tráfico en todo Melide para facilitar a circulación e aumentar as prazas de aparcamento, e tamén peatonalizar o casco vello.

- Fala vostede dun aproveitamento real do Camiño de Santiago, a que se refire?

- **J.P.:** Queremos que sexa un valor fundamental para Melide, por iso imos crear o Consello do Camiño de Santiago, onde van a estar representados tódolos sectores que teñen que ver co Camiño. E imos a posicionar a Melide na rede, en Internet, para que tomen a nosa vila como parada imprescindible. E tamén imos crear unha senda polo Camiño Primitivo, que está tendo un despegue absolutamente exponencial.

- E do programa de becas, pode adiantar algo máis?

- **J.P.:** Vai a ser un programa de becas para comprar libros, para axudar aos estudantes, e vai a estar dotado con preto de 25.000 euros no primeiro ano. De onde os sacaremos? Sinxelo, son os 14.000 euros que actualmente se destinan á gala solidaria do Combo Dominicano e os 10.000 euros do evento das “Misses”. Mentres outros gastan os cartos en lucimento persoal do seu goberno, nós ímolos a dedicar a axudar á nosa xente a estudar.

- De non gañar con maioría, contempla a posibilidade de pactar con outros partidos?

- **J.P.:** Nós presentámonos claramente a gañar a este goberno ineficaz, ese é o noso obxectivo. Agora mesmo non contemplamos outra posibilidade que non sexa a de que Melide se exprese con claridade e con rotundidade; que ata aquí chegamos. A nosa idea é gañar, formar un goberno socialista que poña a Melide a avanzar dende o día 27 de maio. A partir de aí, tomaremos as decisións que Melide nos dea cos seus votos.

- Que balance fai da xestión do goberno de Melide?

- **J.P.:** O balance deste goberno é o que fai a xente na rúa, e a xente di que é o peor goberno da historia de Melide, que estamos ante un goberno que o único que fai é defender os intereses do PP e non os intereses dos melidenses. É un goberno que leva dende o ano 2011 permitindo que a Xunta de Galicia nos estea enganando a todos ano tras ano con promesas que non cumpriu, e que non ten intención de cumprir. Non hai máis que ver os programas de 2011 e de 2015 do PP; todo son cousas que non se cumpriron.

- Dende o seu punto de vista cales son os principais problemas da vila de Melide?

- **J.P.:** Un goberno que non é capaz de resolver os problemas de Melide dende o ano 2011, e encima, que se atreve a acabar co que funciona. Non resolve os problemas que temos: parque empresarial, feira, política social, política deportiva, o rural abandonado, política de amigos..., e o que funciona acaba con el. Non se lle pode facer a Melide máis dano en menos tempo.

- Como valora a presentación dunha nova candidatura nestas eleccións?

- **J.P.:** Respecto absoluto a todos os partidos que concorren, e dende ese respecto nós confiamos absolutamente no noso traballo. Entendo que é unha dificultade engadida para desalojar ao PP que haxa tanto fraccionamento nas alternativas, pero o Partido Socialista conta coa vantaxe do labor intenso desenvolvido durante estes catro anos.

- Bota en falta a colaboración doutras administracións co Concello de Melide?

- **J.P.:** A Deputación cumpre con Melide de xeito sobresaínte, cousa que non facía cando gobernaba o Partido Popular; de feito multiplicou por dez os fondos que tiña o anterior goberno do PP e multiplicou tamén as subvencións a todo tipo de asociacións. Non pode dicir o mesmo a Xunta. Hai un exemplo claro: a Lalín cando tiña de conselleiro na Xunta de Galicia a Cuiña, notóuselle? Si. A Melide en que se lle notou que hai unha conselleira de Melide na Xunta? En nada.



PSG
PSOE



JOSE
PRADO GARCÍA



ÉoM elide 26M
omento

O MELIDE QUE QUERES/ 



“A xestión deste goberno foi nefasta e o seu impacto terrible”

CANDIDATURA

1. José Manuel Pérez Penas
2. José María Santín Amo
3. Carmen Liñeira Sánchez
4. Xosé Igrexas García
5. Mayka Basalo Santín
6. José Antonio Díaz Rodríguez
7. María Isabel Álvarez Torreiro
8. Francisco Carril Torreiro
9. Lidia Rodríguez Penas
10. Adrián Iglesias Casal
11. María Carmen Pardo Prieto
12. Santiago Prado Conde
13. Laura Río Carreira

Suplentes

1. Diego Saavedra Amo
2. María Jesús Cea Pampín
3. Manuel Ramos Garea
4. Carlota Casal Ramos
5. Roberto Cagide Salgado



José Manuel Pérez Penas, candidato de Adiante Melide á alcaldía de Melide

- Presentou vostede unha candidatura independente para os comicios do 26 de maio en Melide, que o levou a tomar esa decisión?

- José Manuel Pérez (J.P.): Nos últimos anos instaurouse no concello de Melide un profundo malestar sobre o rumbo do mesmo, con problemas aos que non se lles dá solución e con decisións nas que non se ten en conta á cidadanía. Todas estas preocupacións, que entendemos que superan as ideoloxías ou aos partidos políticos, leváronnos á necesidade de construír un proxecto por e para Melide. O concello de Melide ten que situarse no centro do noso pensamento e cremos que neste proxecto deben participar persoas diversas e plurais. Non tería ningún sentido facelo doutro xeito. Polo tanto, ante o malestar reinante vólvese necesario apostar por unha candidatura independente.

- Por que diría que é vostede o mellor candidato á alcaldía?

- J.P.: O mellor candidato para a alcaldía de Melide ten que ter un proxecto para Melide e, polo tanto, a integración nel de todas as persoas preocupadas polo noso concello. Adiante Melide somos un equipo de persoas implicadas na mellora do noso entorno e deixamos nun segundo termo as nosas ideoloxías particulares, para traballar nun proxecto común.

- Que destacaría da súa candidatura?

- J.P.: Que é plural. Destacaría, por unha banda, a implicación e preparación do equipo que a conforma e, por outra, a mestura de persoas con idade e experiencias diversas con moitas gañas de apostar por Melide e o seu futuro. O obxectivo era sumar persoas con gañas de transformar a realidade é conformar un equipo

amplio, cohesionado e con moita ilusión.

- Cales son os piares básicos do seu programa electoral?

- J.P.: Temos que revitalizar o Concello para poder proxectar o futuro con ilusión. Preocúpanos a falta de solo industrial para poder atraer a novas empresas, o que vai ligado a aprobación do PXOM. Crearase un plan turístico, unhas escolas deportivas que funcionen, elaborárase un Plan de asentamento no rural con bonificacións no IBI, ICIO e lixo, etc. Tamén temos que garantir que as persoas maiores teñan cubertas as necesidades básicas así como evitar situacións de soidade. A maiores, crearase un plan de conservación anual das infraestruturas viarias, realizando as obras de conservación necesarias tanto no casco urbano como nas parroquias. Prestarase especial atención aos problemas que veñen amosando o campo de

fútbol, a piscina, a praia fluvial, e o caos circulatorio que sufrimos no día a día. En canto a Cultura, crearase o Consello de Dinamización Cultural onde participarán asociacións culturais, artísticas e o museo. Crearemos o Consello de Participación cidadá, fomentando a participación dos veciños, explicando anualmente en que se gastan os cartos.

- Se sae elixido alcalde, cales serán as súas primeiras medidas?

- J.P.: Coñecer a situación na que se atopa o Concello a nivel económico para saber a que nos enfrontamos e reunirnos cos axentes sociais do concello para ter unha panorámica de primeira man dos problemas fundamentais. A partires de aquí, iranse desenvolvendo os distintos puntos do noso programa.

- De non gañar con maioría, contempla a posibilidade de pactar con outros partidos?

- J.P.: Traballar por Melide vai precisar de múltiples negociacións polo que dá igual que teñamos maioría absoluta ou que non, o importante é que traballaremos por e para Melide. Nós non estamos contra ninguén porque consideramos que todas e todos somos veciños e debemos traballar na mesma dirección. A nosa postura é que todo o mundo ten cabida, sempre e cando poñan a Melide por riba de aspiracións individuais ou partidistas. Traballaremos sempre co resto de forzas políticas e cos axentes sociais do concello, ben dende a oposición ou ben dende o goberno. Polo tanto, estamos dispostos a pactar con todos aqueles que poñan no centro dos seus intereses a Melide. Somos unha candidatura independente e non entendemos de intereses partidistas.

- Que balance fai da xestión das principais polémicas dos últimos anos?

- J.P.: A forma de traballar do actual equipo de goberno, con escaso diálogo co tecido asociativo e cos veciños, fai xurdir problemas dos que nos vamos arrepentir. A planta de bio-

masa sería unha boa iniciativa, pero para a súa ubicación e implantación non se contou cas persoas, xerando malestar e perdendo unha oportunidade. Non se entende como tendo unha conselleira de Medio Ambiente natural de Melide non teñamos unha depuradora en condicións, así como tampouco se entende o abandono ao que están sometidos o polígono industrial, sen unha infraestrutura básica, e a praia fluvial, con augas apenas aptas para o baño. A Foliada representa a maior deixadez do equipo de goberno. Como é posible que a unha actividade na que traballan arreo dende xa fai moitos anos persoas deste concello e outros veciños da comarca se lles dea as costas, se lles xere frustración e, sobre todo, se lles quite as gañas de traballar altruistamente por este concello?. A súa xestión foi nefasta e o impacto cultural, social e económico é terrible.

- Que valoración fai do traballo do goberno de Melide?

- J.P.: Parécenos deficiente, porque así nolo transmiten os melidenses. Pensamos que se perdeu a ilusión por mirar cara ao futuro dun xeito alentador e isto é terrible para unha comunidade de persoas. Polo tanto, temos que dar resposta ás inquiredanzas da xente, tratando de que eles sexan os protagonistas, que eles decidan. Levamos anos nos que se toman as decisións de xeito personalista sen dar voz os veciños, vímolos claramente coa reforma que se está a facer do cantón de San Roque, ou mesmo ca Foliada. A alguén se lle ocorrería permitir que en Arzúa non se fixese a Festa do Queixo? Pois a resposta é claramente que non. En definitiva, valoramos moi negativamente a xestión dende o equipo de goberno actual porque, principalmente, non conta cos veciños e veciñas de Melide, coas súas asociacións, cos distintos axentes sociais e, finalmente, coas persoas. Mudar esta forma de proceder e poñer ás persoas e ao seu benestar no centro das políticas a desenvolver é o que pretendemos.



Adiante Melide!

por un **cambio necesario**



1.- **José Manuel Pérez Penas**
Empregado da CRTVG
"Por un cambio necesario"



2.- **José María Santín Amo**
Médico Neurociruxán
"Un único obxectivo,
unha única ambición:
queremos un Melide mellor"



3.- **Carmen Liñeira Sánchez**
Traballadora social
"Mirando o futuro con optimismo.
Por un proxecto en que o pobo sexa
o protagonista"



4.- **Xosé Igrexas García**
Licenciado en Humanidades
"Por un Melide inclusivo
e maior benestar"



5.- **Mayka Basalo Santín**
Lic. en Deseño e Dir. de Arte
"O punto de partida de todo logro
é o desexo"



6.- **Antonio Díaz Rodríguez**
Economista
"Construír un bo presente para ter
un gran futuro"



7.- **Marybel Álvarez Torreiro**
Mestra
"Construamos un Melide para
todas e todos"



8.- **Francisco Carril Torreiro**
Graduado en Historia
"Igualdade, diversidade e mocidade.
Entre todas, é posible"



9.- **Lidia Rodríguez Penas**
Educadora Social
"Para empoderar a veciñanza"



10.- **Adrián Iglesias Casal**
Lic. Admón. e Dir. de Empresas
"O camiño para medrar require
valentía na decisión. Avancemos."



11.- **Ma Carmen Pardo Prieto**
Empregada
"Quero un Concello máis social"



12.- **Santiago Prado Conde**
Profesor universitario
"Adiante Melide é confianza
e ilusión para o futuro"



13.- **Laura Río Carreira**
Mestra en Educación Infantil
"Polo progreso do rural"



14.- **Diego Saavedra Amo**
Lic. en Bioloxía Molecular
"Ti tamén formas parte, é tempo
para Melide, chegou o momento!"



15.- **Ma Jesús Cea Pampín**
Empregada
"Quero unha xestión transparente,
participativa e igualitaria"



16.- **Manuel Ramos Garea**
Gandeiro
"As parroquias de Melide necesitan
dunha xestión eficaz e transparente"



17.- **Carlota Casal Ramos**
Estudiante Integración Social
"A xuventude melidense merece
ter voz propia"



18.- **Roberto Cagide Segade**
Empregado
"A ilusión por un Melide mellor"

Liñas de actuación para un novo goberno local

- 1.- Aprobación do Plan xeral de Ordenación Municipal (PXOM).
- 2.- Desenvolvemento de políticas encamiñadas a aumentar a poboación no Concello.
- 3.- Novo parque empresarial ou/e ampliación do xa existente.
- 4.- Peonalización da zona vella.
- 5.- Proxecto Integral da Área Recreativa do Río Furelos.
- 6.- Reorganización do Tráfico na Vila.
- 7.- Potenciar o Camiño Primitivo e Francés e Dinamización Turística do Concello.
- 8.- Creación das Escolas Deportivas municipais.
- 9.- Plan integral.
- 10.- Elaboración dunha relación de Postos de Traballo do Concello (RPT).
- 11.- Ampliación da oferta de ciclos Formativos de Formación Profesional.
- 12.- Plan de revitalización das parroquias.
- 13.- Políticas de Igualdade.
- 14.- Cultura.
- 15.- Por unha Terceira Idade Autónoma e Participativa.
- 16.- Creación do Consello de Participación Cidadá.



“O polígono industrial é un tema que me gustaría sacar adiante”

CANDIDATURA

1. Manuel Adán López
2. Sara Mato Agra
3. Pablo Balboa Oro
4. David Fernández Carril
5. José Antonio Río Nabiza
6. Alejandro Peón Pereiro
7. José Manuel Penas Varela
8. Laura Diéguez Costa
9. María Mercedes Casal Gómez

Suplentes

1. Jesús Ignacio Regueiro González
2. Ana Belén Peón López
3. Javier Rodríguez Laya
4. Carlos Iglesias López
5. Luis Roibás López
6. Otilia Chorén Roca
7. Begoña Regueiro Sánchez
8. Iván Quintela Martínez
9. Adriana Del Valle Vilariño Mendoza
10. Mario Carreira Vázquez



Manuel Adán López, candidato do BNG á alcaldía de Santiso

- Repite como candidato do BNG á alcaldía de Santiso. Que o levou a tomar esa decisión?

- **Manuel Adán (M.A.):** Bueno, eu creo que ao final temos cousas por rematar, por facer neste concello. Tamén percibía na xente, polo menos no entorno no que eu me movo, que mo pedían, que volveuse a presentarme. E foi iso basicamente o que me levou a tomar a decisión.

- Que balance fai do seu mandato?

- **M.A.:** Fago un balance positivo, pero tamén son dos que di que ao final nós temos un exame dentro de pouco, e o resultado deste mandato será o que diga a xente nas urnas.

- De que proxecto ou medida levada a cabo se sente máis satisfeito como alcalde?

- **M.A.:** Basicamente coa creación de infraestruturas para a cultura e o deporte. A rehabilitación dos pavillóns por exemplo, que vai un pouco nese sentido; o centro cultural, que era un edificio que estaba abandonado e que foi moi custoso para recuperar, pero aí está agora para servizo de todas as asociacións. Quizais foi esa unha das medidas máis importantes e seguramente a máis tanxible, pero eu creo que o máis importante ao final é o intanxible, a relación coa xente. Penso que a xente pode

vir aquí e, sexa da opción que sexa, é escoitada e atendida, intentando solucionar os seus problemas. Trátase de buscar a relación coas persoas, tratar a todo o mundo por igual, independentemente de quen sexa, de como pense, etc, porque creo que iso é moi importante tamén: que a xente sinta isto como a súa casa, a Casa do Concello como a súa casa.

- Quedou pendente algún proxecto?

- **M.A.:** Sempre quedan cousas pendentes, claro. Temos aí o tema do polígono industrial que é unha cuestión que a min me gustaría sacar adiante, pero que non só nos aborda a nós, vai moito máis alá da capacidade do Concello, e co apoio doutras administracións eu creo que nun momento ou noutro temos que sacala.

- Ten capacidade Santiso para desenvolver un polígono industrial?

- **M.A.:** Non, é o que acabo de dicir; nós non porque teríamos que expropiar, urbanizar e crear toda a infraestrutura que require. Pero non ten porque tela Santiso, hai polígonos que son do Sepes ou da Xunta, e creo que este está nunha ubicación inmejorable e iso dálle moito valor, por iso estou seguro de que nalgún momento o Estado ou a Xunta tamén o verán desta maneira, tal e como o vexo eu, e espero en-

tón que nos axuden.

- Percibiron ata o de agora ese apoio ou interese a nivel autonómico ou estatal?

- **M.A.:** Tivemos contacto, tanto con uns como con outros, pero de momento só palabras.

- Considera que cumpriu o seu programa electoral de 2015?

- **M.A.:** Sempre quedan cousas por facer, pero creo que no básico si. Estaba pensando por exemplo no Centro de Día, que é unha proposta que nós tiñamos de vello. Bueno, non temos un Centro de Día pero teremos unha Casa do Maior. Non temos un PAI, pero temos unha Casa Niño. Creo que tamén son logros importantes desta lexislatura.

- Por que diría que é o mellor candidato á alcaldía de Santiso?

- **M.A.:** Eu creo que todos os candidatos son bos, tamén os que se presentan aquí neste Concello, e en canto a min, preséntome co aval dos feitos, iso é o que diría.

- Que destacaría da súa candidatura?

- **M.A.:** As ganas, a xuventude e a ilusión. Sobre todo a ilusión de todos eles.

- De cara á próxima lexislatura, que prioridades recolle

no seu programa electoral?

- **M.A.:** Máis ou menos seguir na mesma liña. Nós fixemos un esforzo moi grande en infraestruturas. Cando practicamente non había quilómetros de aglomerado, agora temos moitos quilómetros feitos e queremos seguir por aí, porque creo que á larga é máis rendible para o concello, dende logo os veciños están moito máis servidos. Estamos humanizando varios puntos, xa o probamos en dous sitios humanizando aldeas como San Román; queremos estender ese modelo a máis sitios. E despois un pouco seguir na liña que dicía antes, seguir apoiando á cultura, ao deporte, á escola, á xuventude que temos aquí, aos nenos. Creo que son sectores aos que lle demos moito empuje e a idea é seguir así.

- Cales son para vostede os principais problemas nun concello como Santiso?

- **M.A.:** Fundamentalmente os que son inherentes a todo o rural: o despoboamento, que creo que é o problema máis grande que temos a día de hoxe, e seguramente relacionado con isto o desemprego. Se houbese traballo aquí non habería tanto despoboamento. Penso que ese é o gran problema, non de Santiso senón de todo o rural.

- E como se combaten. Que solucións lles daría?

- **M.A.:** Medidas concretas a nós como Concello sobrepasados. Pouco poderíamos facer realmente, e dóeme dicilo, pero é que en ningún concello que eu vexa do rural se está facendo nada, porque cos medios que ten un concello é imposible darlle a volta a isto, a este problema. E non só iso, a falta de medios xa sobrepasa a unha provincia, creo que sobrepasan á Xunta de Galicia e seguramente ao Estado tamén. Penso que é un problema de ámbito europeo e como dende aí non se aposte forte por isto nós como Concello somos unha pingueiriña que non dá feito nada no medio de todo este mar.

- En xeral, bota en falta a co-

laboración doutras administracións ou cre que é suficiente?

- **M.A.:** Bótoa en falta. Aínda que as administracións, sexan da cor que sexan, xa presumen de que hai unha discriminación positiva, tiña que haber moita máis da que está habendo. Iso axudaría a combater problemas como o despoboamento do que falabamos antes.

- Con respecto ao resultado das eleccións, de non gañar con maioría contempla a posibilidade de volver a pactar?

- **M.A.:** Contemplamos só chegar á maioría, xa que o pacto está feito entre as outras dúas forzas. Un segredo a voces, polos movementos entre eles, as listas en si, o case pacto entre Matilde e Fernando hai catro anos e a xente que está detrás da lista do PSOE.

- Que valoración lle merece o traballo da oposición en xeral, e concretamente en relación a algunhas polémicas como a de falta de transparencia na Casa Niño?

- **M.A.:** A oposición ten que facerse e poucas veces é construtiva. Entendo que moitas veces o que intenta é enredar e complicar as cousas. Polo menos no tema da Casa Niño foi así. Foi máis enredar que outros temas, porque ademais estamos falando dun edificio, dunha actividade que é subvencionada pola Xunta; e a nós acusáronos de escurantismo cando fixemos precisamente todo o contrario. Publicitámolo para que calquera emprendedor montase a Casa Niño, entón... escurantismo non, todo o contrario. Non se nos pode acusar diso nin de entorpecer, todo o contrario: máis ben de favorecer, de feito non hai máis que preguntarlle á persoa que agora leva a Casa Niño, e que foi ela como puido ser calquera outra. Creo que foron críticas moi erradas... moi erradas. A oposición ten que facer oposición senón non tería razón de ser, por iso lle chaman oposición, e nin me parece ben nin mal, cada un fai a que lle parece, pero eu non a faría así, faríaa doutra maneira.



“Dos tres candidatos son a máis desinteresada e transparente”

CANDIDATURA

1. Matilde Pallares Cagide
2. José David Leiva Balboa
3. Víctor Manuel Oliveira Franco
4. Faustino López Río
5. Jesús Loureiro Oro
6. Teresa Quiñoy Barrio
7. Iván Pedreira Curros
8. Jesús Carmuega Loureiro
9. Juan Portos Agra

Suplentes

1. Cándido Casal Gómez
2. José Antonio Prado Corral
3. Lino López Miguélez
4. José Javier Río Penas
5. Jesús Guerreiro Otero
6. Teresa Varela Vázquez
7. Ismael Pazos García
8. José Gosenje Vilariño
9. Jesús Alejandro Vilariño Mendoza
10. María Carmen Fociños Salgado



Matilde Pallares Cagide, candidata do PP á alcaldía de Santiso

- Nesta ocasión será vostede a candidata do PP, que a levou a tomar esa decisión?

- **Matilde Pallares (M.P.):** O cariño ao noso pobo e aos seus habitantes xunto á ilusión por recuperar un grupo forte do PP en Santiso.

- Que balance fai do seu labor de oposición?

- **M.P.:** Unha oposición distinta, pois parece que a oposición é para levar sempre a contraria e no noso caso foi sempre construtiva, loitando polos dereitos dos veciños e os seus intereses. Nunca nos opuxemos a ningunha obra ou acción que mellorase Santiso, aínda que si discrepamos nas maneiras e prioridades de facelo. Sempre tendemos a man para colaborar.

- Por que diría que é vostede a mellor candidata á alcaldía que pode ter Santiso?

- **M.P.:** Considérome unha veciña máis, pero si podo asegurar que dos tres candidatos que nos presentamos nestas eleccións son a máis desinteresada e transparente. Non me presento para asignarme un

soldo, senón para devolver a Santiso ao lugar que se merece e a credibilidade dos veciños nos seus representantes políticos. Se depositan a súa confianza na candidatura do PP poderán comprobar que se pode facer política doutra forma: de maneira clara, sen mentiras nin enganar. Como exemplo podemos nomear o aparcamento de Serantes, que se non o fan non digan que é culpa do PP de Santiso. Nós non nos opuxemos a nada, pero quizais teñan medo de que fagamos como eles e os seus compañeiros do BNG de Arzúa, que denunciaron ao alcalde por facer un aparcamento parecido. Non mintan tanto señores e traballen máis polos veciños.

- Que destacaría ou como definiría vostede a súa candidatura?

- **M.P.:** A candidatura do PP de Santiso, que me honra encabezar, é unha candidatura de persoas traballadoras, responsables e que nos une a idea de darlle ao Concello transparencia e seriedade, á vez que lle

devolveremos o protagonismo aos veciños. Persoas que viven do seu traballo e así o queren seguir facendo.

- Que destacaría do seu programa electoral, prestando especial atención ao emprego e a fixar poboación no rural?

- **M.P.:** A creación de solo empresarial e bonificacións a empresas e ás novas incorporacións, facilitando aos mozos a total integración, procurando o asentamento de postos de traballo locais, informando e axudando nos trámites, nas xestións administrativas con asesoramento, fomentando as novas iniciativas e achegando innovación ao rural.

- Se sae elixida alcaldesa, cales serán as súas prioridades?

- **M.P.:** Dende o noso punto de vista e tal e como reflectiremos no noso programa, vemos unha serie de prioridades, pero sempre en consenso co pobo. A atención á infancia e terceira idade deben primarse para así facilitar a vida cotiá na familia e a conciliación, o que axudaría a fixar poboación por diversas razóns obvias.

- De non gañar con maioría, contempla a posibilidade de pactar con outros partidos?

- **M.P.:** Presentámonos tres partidos e como xa se vén facendo de forma repetitiva o pacto xa o levan facendo outros co seu lema “o PP non”. Nós queremos gobernar, se así o queren os nosos veciños de Santiso, pero sempre respectando as súas decisións.

- O seu partido denunciou falta de transparencia na Casa Niño. Que balance fai desta xestión?

- **M.P.:** A transparencia está ausente no actual goberno de Santiso, incluso con algúns dos seus socios. Esta falta de transparencia e as poucas ganas de deixarse a pel loitando polos veciños tápana con mentiras e culpando á oposición do que non son capaces de facer. Ocultar información aos membros da corporación chámase “falta de transparencia” e dicir que non se sabe algo, que está escrito, firmado e documentado chámase “mentir”. Isto non ocorre só cun expediente ou consulta que facemos, repe-

tiuse en varias sesións.

- Que valoración fai do traballo do goberno de Santiso?

- **M.P.:** Valoramos a xestión como moi pobre para mellorar a vida dos veciños, falto de iniciativas ou se as teñen non as puxeron en marcha. Levan dúas lexislaturas gobernando en coalición -iso suponse que é polo ben do pobo, non por intereses propios-, logo as ideas son dobres pois son dous grupos, pero a realidade é que pouco innovaron pois recordamos que alumeado de Nadal, Papá Noel, cabalgata, disfraces de carnaval, premios Letras Galegas, taller de memoria, ximnasia de mantemento, biblioteca, campamentos para nenos en Nadal e verán, información turística, Goza do Ulla, excursións, axudas a asociacións, etc, todo iso xa estaba funcionando cando esta coalición tomou posesión do goberno en Santiso. Só faltaría que o deixasen perder. Agora parece que foron eles os inventores, non señores, xa estaba en marcha.

- Brevemente, cales son para vostede os principais problemas na vila de Santiso?

- **M.P.:** Como xa dixemos, a atención á infancia e terceira idade é moi deficitaria. O despoboamento é máis que evidente por dous motivos, unha poboación cunha media de idade alta e a falta de natalidade e asentamento de mozos. Tamén os soldos de alcaldes desproporcionados para Santiso.

- Que solucións lles daría a eses problemas?

- **M.P.:** Mellorar de maneira urxente a atención á infancia e maiores. A procura de consolidación de emprego local con innovación e novas iniciativas. Eliminar de forma drástica a duplicidade dos soldos desorbitados de alcaldía.

- Algunha outra medida ou proposta que desexe engadir?

- **M.P.:** A rápida creación do concelleiro de Proximidade para dar real e total transparencia ao Concello.



“Chego á política con ganas e ilusión por conseguir un cambio para Santiso”



CANDIDATURA

1. Herminio Mouriño Orois
2. Fernando Suárez Cortiñas
3. José García Penas
4. Marta Vázquez Vilariño
5. Ángeles Santos Iglesias
6. Xoán Panadeiros Pereiro
7. María Begoña Fernández Peón
8. Laura Santos Iglesias
9. José Antonio Castro Balboa

Suplentes

1. Verónica Moriño Sexto
2. Juan José Antas Sesar
3. Laura García Sánchez
4. Celestino Codesido Penas
5. Inés Cagide Val



Herminio Mouriño Orois, candidato do PSdeG-PSOE á alcaldía de Santiso

- Preséntase vostede como candidato socialista en Santiso, que o levou a tomar esa decisión?

- Herminio Mouriño (H.M.): Pois sobre todo os compañeiros que me animaron a liderar un proxecto novo e tamén o obxectivo de intentar cambiar un pouco o Concello.

- Por que diría que é vostede o mellor candidato á alcaldía que pode ter Santiso?

- H.M.: Iso teríano que dicir outros, non creo que me corresponda a min, pero o que si teño claro é que chego á política con moitas ganas e ilusión por conseguir un cambio para Santiso.

- Que destacaría vostede da candidatura, do seu equipo?

- H.M.: Fundamentalmente que somos xente con ganas de traballar polo futuro de Santiso. As mulleres e homes que formamos a candidatura socialista para as eleccións municipais queremos un Santiso vivo, onde a súa xente se sinta orgullosa de pertencer a el sen esquecer a ninguén, onde todos teñan cabida e poidan facer as súas propostas a un goberno transparente, traballador e aberto a todos.

- Cales serán os piares básicos do seu programa electoral?

- H.M.: As nosas prioridades serán os servizos sociais -porque este é un concello con poboación envellecida-, e tamén o emprego. En canto aos servizos sociais queremos poñer en marcha un Centro de Día, facendo un local amplo e adaptado á Lei de Dependencia aprobada polo goberno socialista, e dotado de profesionais sanitarios e con transporte público gratuito. Somos conscientes de que non é unha obra menor, pero si moi necesaria. Traballaremos na eliminación de barreiras arquitectónicas nas industrias e negocios do concello que así o soliciten, e esto, por suposto será mediante os presupostos municipais. O noso obxectivo é o benestar dos nosos maiores, e para iso acabaremos tamén coa lista de espera de atención a domicilio. Faremos a inversión necesaria para que todas as persoas que necesiten asistencia na casa a teñan, loitando así para que se cumpra a Lei de Dependencia e ademais, outra das cousas que consideramos fundamentais tamén neste ámbito é a de aumentar os servizos de

axuda a domicilio con servizo de perruquería e podoloxía. Pero aínda que este é un concello con poboación envellecida como dicía, tampouco queremos esquecer os da xente moza, pois de eles depende a continuidade de Santiso, por iso incluímos no noso programa a construción de vivendas sociais segundo solicitude, que dará facilidades ás familias mozas que queiran quedar ou asentarse de novo aquí.

- E en canto a emprego?

- H.M.: É necesario dar facilidades a todos os emprendedores que queiran establecerse no noso concello mediante axudas de todo tipo e sen ningún tipo de impedimento para abrir o seu negocio. Tamén crearemos un centro de formación continua para facilitar a incorporación das persoas desempregadas ao mercado laboral. Quereamos un Santiso vivo, e isto pasa por crear emprego, xa que este é ademais dos servizos e as comunicacións, o factor máis importante á hora de fixar poboación no medio rural. Propoñemos a urxente reactivación da nosa rica zona rural mediante a implantación

de proxectos que traian oportunidades ao concello e con elo que as persoas non teñan que abandonar o seu pobo.

- E en relación a outras áreas?

- H.M.: No sector agrario pensamos na creación dunha planta de biomasa para facilitar a limpeza do monte, a prevención de incendios e, ao mesmo tempo, favorecer a creación de postos de traballo. E sempre prestando o noso máximo apoio aos gandeiros e agricultores para a creación de actividades e proxectos innovadores, a mellora dos xa existentes e a potenciación da agricultura ecolóxica. En canto a Medio Ambiente plantexamos a urxencia de crear un punto limpo no que o goberno municipal facilite o transporte, e a necesidade de achegar o saneamento a todas as parroquias. Finalmente, en canto ao deporte fomentaremos actividades para todo tipo de públicos e potenciaremos os deportes en xeral, comprometéndonos a que haxa partidas suficientes nos orzamentos dirixidas a promover as distintas disciplinas e seguiremos apoiando a labor que realiza a Escola Ayude en Santiso, a cal nos gustaría resaltar; mentres que na área de cultura promoveremos as nosas agrupacións musicais e culturais, levaremos os concertos a todas as parroquias que compoñen este municipio, colaborando coas comisións de festas, e seguiremos apoiando como sempre o fixemos á U.D. Santiso F.C. e á Escola Banda de Música de Visantón como principais referentes no noso concello.

- Á parte das propostas do seu programa electoral, cales considera como os principais problemas dun municipio como Santiso, e que solucións lles daría?

- H.M.: Dende o meu punto de vista o despoboamento é o gran reto ao que temos que facer fronte, por iso falamos da construción de vivendas sociais, para que a mocidade poida quedarse a vivir no noso concello; esa sería unha das solucións. De todos é sabido

que xente moza haina, pero marcha a Melide e a outros concellos da contorna porque aquí non hai onde construír, non hai emprego, non hai practicamente nada. Levamos un montón de anos escoitando o mesmo, dicindo que si, que se van facer casas, pero ninguén fai nada. Por iso, tal e como che dicía anteriormente, para nós un dos principais propósitos é o de fixar poboación impulsando oportunidades e empoderando ás persoas que forman Santiso.

- De non gañar con maioría contempla a posibilidade de pactar con outros partidos?

- H.M.: Ata ese día non o saberemos, pero nós estamos abertos a falar, claro que si.

- Que valoración fai do labor realizado polo goberno?

- H.M.: Creo que poderían haber feito máis, dedicáronse unicamente a facer estradas e sobre todo agora cara o final da lexislatura, pero en canto a outros ámbitos absolutamente nada, e iso tendo en conta que o Partido Socialista de Santiso mantivo unha busca continua de fondos na Deputación da Coruña.

- E en canto á oposición, que valoración lle merece o seu traballo?

- H.M.: Non estiven ata o de agora involucrado en política e por tanto tampouco na primeira liña do meu partido, pero pola información que teño non me consta que o PP fixese ningunha proposta.

- Considera que o Concello de Santiso recibe o apoio necesario doutras administracións?

- H.M.: Penso que a Deputación se implicou bastante con Santiso, polo menos nesta lexislatura. Por parte da Xunta non o podo valorar porque non estou ao tanto desa información.

- Desexa engadir algún outro aspecto?

- H.M.: Simplemente que co apoio dos veciños e veciñas gustárame ser o seu alcalde e que a nosa ilusión sexa compartida con todos eles.

centro auditivo



solicita tu **REVISION GRATUITA**



ÓPTICAstábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE
AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE
ÓPTICA
E. 15-001238



“Somos a única alternativa útil para Toques e a historia aválanos como tal”

CANDIDATURA

1. Miguel Castro Vázquez
2. Mónica Penas González
3. Tamara Mato Mella
4. José Ángel Freire Corral
5. Francisco Javier Sueiro Villamor
6. Javier Sánchez Leon
7. Miguel Castrelo Fernández
8. Cristina Vázquez Barallobre
9. Aida Couso Prieto

Suplentes

1. Yago Barreiro Morujosa
2. Carlos Prieto Vázquez

Miguel Castro Vázquez, candidato do PP á alcaldía de Toques



- Preséntase vostede como candidato do PP en Toques, que o levou a tomar esa decisión?

- Miguel Castro (M.C.): A verdade é que eu nunca estiven vinculado ao mundo da política, pero coa renuncia do candidato popular de Toques, o partido pensou en min como un bo candidato para dar un paso adiante. Despois de pensalo, decidín que me ía propoñer este reto. Nacín en Toques e alí é onde paso moito tempo da miña vida. Pensei en todas as cousas que se poden cambiar no meu municipio para facer de Toques un lugar mellor, e decidín dar o paso. O seguinte paso foi buscar a lista que compuxese a miña candidatura, o meu equipo, niso estiven traballando todo este tempo.

- Por que diría que é vostede o mellor candidato á alcaldía que pode ter Toques?

- M.C.: É unha pregunta que teñen que responder os veciños e as veciñas de Toques o vindeiro 26 de maio nas urnas. Eu ofrezco ilusión e ganas por mellorar a miña vila. Son unha persoa nova con moitas ideas para avanzar en Toques. É preciso pisar o acelerador; estamos ancorados no pasado. Toques é un municipio rural que en comparanza con ou-

tros desta natureza queda relegado, e eu non quero iso para a miña vila. Penso que os outros dous candidatos, en ilusión non me ganan.

- Que destacaría vostede da súa candidatura?

- M.C.: Formamos todos parte dunha candidatura plural, renovada e unha parte importante dos seus integrantes nunca tiveron implicación política coma min. Temos claro o proxecto que queremos para Toques: temos ganas de facer cousas e ideas novas.

- Cales serán os piares básicos do seu programa electoral?

- M.C.: Como xa dixen, Toques é un municipio rural, por iso un dos nosos piares será o apoio aos gandeiros e agricultores, o que se traduce no apoio a unha alta porcentaxe da veciñanza do municipio, un territorio eminentemente rural e agrónomo. Contamos tamén con poboación moi envellecida polo que é necesario atender as demandas dos máis maiores do municipio cunha mellora dos servizos sociais. Será labor do meu goberno apoiar ao tecido empresarial e industrial, é necesario amosar facilidades para que as empresas se instalen na nosa vila, con iso xeraremos emprego

capaz de asentar poboación no rural. Non nos esqueceremos tampouco do tecido cultural e deportivo, importante tamén para os nosos veciños e veciñas. É preciso que os e as toqueses teñan un programa alternativo de ocio, cultural e deportivo, para que non teñan que ir a búscalo a outras vilas veciñas.

- Á parte das propostas do seu programa electoral, cales son para vostede os principais problemas na vila de Toques?

- M.C.: Un dos principais problemas que ten Toques é a caída de poboación, ben pola nosa poboación que está moi envellecida, ben polo éxodo sobre todo dos máis novos de cara a outras vilas e cidades galegas e do territorio español. Por iso, é necesario crear emprego para asentar poboación no noso rural e ademais atender as necesidades dos nosos maiores.

- E que solucións ofrece a eses problemas?

- M.C.: Intentaremos dar mellores servizos aos nosos maiores, incrementando as horas de axuda á dependencia como levamos facendo outros concellos da contorna nos últimos anos. Queremos dar unha cobertura do 100% ás necesidades dos

maiores de Toques. Poremos en marcha un Plan para facilitar que as empresas se asentem na nosa vila para poder crear emprego e ofrecer á nosa xente posibilidades para que poidan ter un boa calidade de vida en Toques. Crearemos un Plan específico para o que botaremos man doutras administracións públicas, como a Xunta de Galicia ou a Deputación da Coruña, pois Toques é un concello moi pequeno e por si só non podería arranxar todos estes problemas. Petaremos ás portas que faga falta, pero conseguiremos facer de Toques un lugar onde as persoas se queden a vivir.

- Se sae elixido alcalde, cales serán as primeiras medidas a tomar?

- M.C.: O primeiro que farei será achegarme ata a Deputación da Coruña para esixirlle ao presidente que se rematen as curvas do Toxo e que se empecen as beirarrúas de Souto. Quero poñer en marcha tamén un plan integral para Toques de melloras nas comunicacións. Tamén pedirei á Xunta de Galicia que nos amplíen as horas de axuda a domicilio. Entre as miñas ideas para os primeiros días de goberno tamén está dotar das ferramentas necesarias para potenciar o Camiño do Norte que pasa pola nosa vila e que a ninguén parece importarlle. Temos que poñer en valor este recurso turístico para que Toques se sitúe no mapa.

- En 2015 o seu partido gañou as eleccións en Toques, pero a falta de maioría absoluta fixo que non gobernase. Agora, de non gañar con maioría contempla a posibilidade de pactar con outros partidos?

- M.C.: O PP non ten establecido un pacto postelectoral como si sabemos que o fan outros partidos. Estamos convencidos de que somos a única alternativa útil para o Concello de Toques e a historia aválanos como tal. Presentámonos ás eleccións locais de Toques 2019 para gañalas. Estamos traballando para que iso sexa unha realidade. A nosa aposta é gañar as elec-

cións sen necesidade de establecer acordos con outras formacións políticas. Se non chegamos a acadar esa maioría teremos que sentarnos a analizar as circunstancias e a tomar decisións, iso si, sempre fieis aos nosos principios e sen traspasar certas liñas que para nós son innegociables, como son a política económica do Concello, as políticas sociais ou a austeridade.

- Que valoración fai do labor realizado polo goberno de Toques?

- M.C.: Falemos de bipartito e non de goberno. Levamos catro anos tendo dous gobernos e iso pasa factura ao final de legislatura a todos os veciños e veciñas. Este bipartito non foi capaz de tramitar ningunha axuda económica tanto na Deputación da Coruña como na Xunta de Galicia. As dúas grandes obras deste bipartito non están rematadas e incluso algunha está sen comezar. Un bipartito que perde cartos na Deputación e fai oídos xordos non é un goberno fiable para Toques.

- Considera que o Concello de Toques recibe o apoio doutras administracións?

- M.C.: Vou dar dous datos, a Xunta de Galicia investiu en Toques nos últimos anos 2.200.000 euros e a Deputación da Coruña reduciu a súa inversión no municipio nun 35%. Está claro que o presidente da Deputación da Coruña, o señor Formoso, faille perder cartos a Toques e, por outra parte, tamén incumpre os seus compromisos coa vila. A Deputación tardou máis de tres anos en empezar as curvas do Toxo, empezáronas cando o Partido Popular anunciou que estaban paralizadas. As beirarrúas de Souto aínda están por comezar. A todo isto podemos engadir a perda de cartos para a veciñanza de Toques no que respecta ás axudas nominativas. Cando o PP xestionaba a Deputación da Coruña isto non pasaba, eramos todos iguais e non había cidadáns de primeira e de segunda como parece haber agora durante o mandato do socialista Formoso.



“Hai unha cuestión prioritaria en Toques: os servizos sociais”

CANDIDATURA

1. Miguel Ángel Buján Varela
2. José Luís Abad Rodríguez
3. Dolores Prado Porto
4. Hilario Mella Cea
5. María Magdalena Ferreiro Carballal
6. José Antonio Ramos Casal
7. Jesús Carreira Rouco
8. María Dolores Quintela Ares
9. Jesús Rouco Varela

Suplentes

1. Paula Buján López
2. María Carmen Vázquez Rodríguez



Miguel Buján, candidato do PSdeG-PSOE á alcaldía de Toques

- Repite vostede como candidato socialista á alcaldía de Toques. Que o levou a tomar a decisión?

- Miguel Ángel Buján (M.B.): O compromiso, o cariño e a ilusión que teño por este fermoso concello. Tamén o feito de poder transmitir os valores do socialismo, que loita sempre pola igualdade e o compromiso social co que nos identificamos.

- Por que diría que é vostede o mellor candidato á alcaldía de Toques?

- M.B.: Iso de ser o mellor candidato ha de ser principalmente unha cuestión dos votantes e da xente do concello. Persoalmente creo que son bastante coñecedor de tódolos lugares e veciños do municipio e, ao longo da miña vida municipal, humildemente considérome sabedor das necesidades, prioridades, desexos e tamén frustracións no ámbito municipal.

- Que balance fai do seu período de goberno?

- M.B.: Durante este tempo que estiven na alcaldía (deza-seis meses), o balance globalmente é positivo, a pesares de que tiveron moitas decepcións e sen dúbida algún fracaso.

- Que medidas ou proxectos levados a cabo durante o seu mandato destacarían?

- M.B.: Tendo en conta que o goberno municipal de Toques - a alcaldía - foi compartida, sín-

tome responsable de tódalas actuacións que durante esta lexislatura se levaron a cabo. Resolvéronse problemas de tesourería que levaban moito tempo enquistados. Dentro do posible colaboramos coa Xunta de Galicia no tema de limpeza e prevención de incendios. Intentamos dotar ao maior número de lugares do concello de bos accesos cambiando o modelo de firme nas estradas. Atendemos numerosas necesidades de accesibilidade dentro daqueles campos relacionados co sector primario dentro do propio concello. Tamén demos posibilidades de adquisición de masas comúns de concentración parcelaria por veciños interesados. Despois de máis de vinte anos, rematamos a entrega de panteóns no cemiterio municipal de A Capela. E hai outras moitas pequenas accións que se levaron a cabo e que solucionaron problemas veciñais.

- Considera que cumpriu o seu programa electoral de 2015?

- M.B.: Pois non todo. Aí están moitísimas cousas que é preciso levar a cabo para lograr mínimos obxectivos, que son precisos para que Toques sexa un municipio onde a xente se sinta a gusto e contenta de residir, e non atope tantas trabas, problemas e burocracia. Onde calquera emprendedor poida ter facilidades e axudas para traballar, residir e participar na vida municipal do Concello.

- Que destacaría da súa candidatura, do seu equipo?

- M.B.: O meu equipo está composto por xente marabillosa, traballadora, responsable e tamén coñecedora das necesidades do municipio. É reivindicativo e participativo. Síntome orgulloso e tamén moi agradecido porque me elixiran para encabezar a candidatura, e pola confianza que sempre mostraron.

- Cales serán os piares básicos do seu programa electoral para os vindeiros catro anos?

- M.B.: Hai unha cuestión prioritaria: os servizos sociais. Queremos atención total á xente necesitada. A axuda no fogar á dependencia, a calidade de vida dos maiores, é fundamental para que a sociedade non se deteriore nin se sinta maxinada nin dividida. Outra cuestión fundamental será axudar e promover que as explotacións gandeiras poidan ser rendibles. Apoiaremos a todos aqueles propietarios que desexen permutar ou agrupar parcelas mediante a gratuidade de peritaxes, notaría e rexistros. Outra das prioridades será o impulso na recuperación de vivendas abandonadas coa gratuidade do proxecto de rehabilitación e da licenza municipal para facilitar o asentamento de retornados ou emprendedores. Potenciaremos os recursos turísticos sempre e, sobre todo, de cara ao Xacobeo

2021. Outro dos obxectivos é recuperar o camiño -que sempre existiu- entre Sobrado dos Monxes e o Camiño Primitivo como vía de peregrinación. Atención primordial á xente nova (entre eles estarán futuros rexedores de Toques) no ámbito educativo, cultural e deportivo. E sen esquecer para nada o noso folclore e esas asociacións e veciños que con moito agarimo e esforzo manteñen viva a cultura e as tradicións de sempre, que non falten nunca!

- Á parte das propostas do seu programa, cales son para vostede os principais problemas na vila de Toques, e que solucións lles daría?

- M.B.: A parte das propostas reflectidas son consciente de que o principal obxectivo debe ser a xente en tódolos ámbitos e idades; conseguir recuperar poboación facilitando os servizos necesarios. Négome ao pesimismo que se escoita de cando en vez de que imos a menos... en todo... Non é verdade. Son circunstancias pasaxeiras e eu creo que xa tocamos fondo. En moitos aspectos xa toca a recuperación. A solución? Fácil: Que as administracións, dunha santa vez e en serio, consideren de verdade o medio rural como territorio galego digno, igualitario. Non fai falta que me expanda, pois todo o mundo sabe o que é preciso facer. O medio rural non é unha reserva de nada, nin un “apartheid”, nin pode ser o gran esquecido de todos. Hai que crear emprego, calidade de vida e recursos. Temos que convivir coa Rede Natura, coas restricións que nos impoñen, co patrimonio e con mil cousas máis que están aí, pero o medio rural é quen de tirar para adiante. Porén, a miña gran incógnita é saber se verdadeiramente hai unha aposta por nós, ou practícase a política de non tocar; que morra por si. Precisamos recursos económicos xa e non migallas para contentarnos un pouco a cambio de que alguén poida facheirar sen outra aspiración máis xeral e contundente. Apelo á veciñanza para ser o máis reivindicativa posible na defensa dos nosos intereses e aspiracións. Por que

non temos ningunha axuda polo espazo de Rede Natura? Acaso iso non é unha hipoteca para todos os que están afectados? Ata nos negaron axuda para recuperar un espazo dentro da propia Rede Natura!

- Se sae elixido alcalde, cales serán as súas primeiras medidas?

- M.B.: Sen dúbida, unha das primeiras medidas a tomar será intentar consensuar con toda a corporación as propostas e prioridades do concello poñéndonos todos de acordo e buscar a maneira da levalas a cabo. Propoñerei que anualmente se celebre un pleno municipal sobre o estado do Concello e que todos os grupos, cadaquén dende a súa posición, loitemos por acadar os máximos recursos económicos. En resumo, que todos tiremos do mesmo carro deixando á parte ideoloxías, favoritismos ou intereses particulares.

- De non gañar con maioría, contempla a posibilidade de realizar algún pacto?

- M.B.: Esa pregunta non a sei responder. Todo dependerá do que diga o pobo e de quen queren que sexa o alcalde. Eu sempre estarei en disposición de chegar a acordos para a gobernabilidade municipal. Por suposto aspiro a ser o alcalde pero sempre contando con toda a corporación.

- Que valoración lle merece o traballo da oposición?

- M.B.: Toda a corporación municipal, tanto dende o goberno como dende a oposición somos xente comprometida co concello. O labor de todos é positivo, aínda que moitas veces non é compartido. Os fanatismos de calquera tipo, deportivo, relixioso, político, etc., sempre son atrancos para chegar a acordos. Creo que todos debemos ter un obxectivo común por riba das ideoloxías. Ese obxectivo non é outro máis que Toques.

- Algún outro aspecto que desexe engadir?

- M.B.: Dicar que estou agradecido ao pobo de Toques por darme esta oportunidade de ser, e poder seguir sendo, o seu representante.



“Eliminanos a débeda bancaria e investimos no benestar colectivo”

CANDIDATURA

1. José Ángel Penas García
2. José Manuel Labandeira Puga
3. José Antonio Castro Casanova
4. Jesús Varela Prieto
5. Jesús Sánchez León
6. Marcos Villamor Álvarez
7. Yolanda Cabado Sueiro
8. José Antonio Otero Prado
9. María Mercedes Raposo Buján



José Ángel Penas, candidato do BNG á alcaldía de Toques

- Repite vostede como candidato do BNG en Toques, que o levou a tomar esa decisión?

- José Ángel Penas (J.P.): A ilusión. A ilusión de dar continuidade a un proxecto que ten como punto central atender as necesidades de todos os veciños e veciñas de Toques, a ilusión por facer de Toques un lugar apetecible para vivir e traballar, e a ilusión por facer que Toques sexa, en definitiva, un municipio con presente e con futuro.

- Porqué diría que é o mellor candidato á alcaldía que pode ter Toques?

- J.P.: Porque conto coa experiencia, a formación e sobre todo, cun proxecto definido para Toques que está baseado en dous piares; o benestar da xente que vive actualmente no concello para frear o despoboamento, e a creación dun entorno social e laboral que sexa adecuado para poder atraer a novos veciños.

- Que balance fai do seu período de mandato?

- J.P.: En liñas xerais o balance é moi positivo porque logramos, non sen dificultades, poñer en marcha ese proxecto de futuro para o concello de Toques que propiciou un cambio radical na maneira de facer e de ver as cousas neste concello. E isto, pouco a pouco, está a ser percibido pola veciñanza de maneira positiva. Non obstante, tamén teño que admitir que este proxecto, a día de hoxe, non está rematado e por iso volvo a solicitar a confianza dos toquenses para poder consolidar e acentuar o positivo que fixemos nesta lexislatura e tamén para poder implantar esas novas medidas que axuden a facer de Toques ese lugar con futuro que todos desexamos.

- Qué medidas ou proxectos levados a cabo durante o seu mandato destacaríase?

- J.P.: Melloramos a xestión dos recursos públicos municipais. Por exemplo, o Concello xa non conta con débeda bancaria e por tanto os toquenses xa non pagan xuros aos bancos por dita débeda, reducimos o custo para o Concello do servizo de abastecemento da auga municipal nun 27%, reducimos o gasto que non era produtivo e iso propiciou que puidésemos aumentar o gasto en servizos sociais como a subida no importe das partidas orzamentarias de servizos sociais, cultura, deportes, terceira idade, e o gasto en investimentos sen necesidade de acudir ao endebedamento bancario. Por outra banda, conseguimos sacar adiante varios proxectos absolutamente vitais para o futuro do noso Concello e que se viñan demandando dende hai moitos anos, como por exemplo que a Deputación levase a cabo o proxecto de mellora do trazado da C4604 e a mellora da travesía de Souto; que a Consellería do Medio Rural realizase o proxecto de construción da Ponte Mazaira, ou que a Consellería de Educación fixese unha importante inversión no CEIP de Toques que permitiu a construción dun patio cuberto no colexio. Sendo todo isto importante, do que máis satisfeito me sinto como alcalde é do feito de cambiar a maneira de investir os escasos recursos dos que dispoñemos establecendo como prioridade máxima o benestar colectivo dos toquenses.

- Considera que cumpriron o programa electoral de 2015?

- J.P.: Non. Teño que admitir que o programa electoral non foi cumprido na súa totalidade, pero si na

súa maioría. O principal motivo foi a falta de tempo e de recursos económicos suficientes, e o segundo motivo foi que houbo necesidades básicas que houbo que atender primeiro antes de poder materializar algunhas das nosas propostas. O que ten que ter claro a xente é que gobernar, cando os recursos son finitos, é priorizar.

- Que destacaríase vostede da súa candidatura?

- J.P.: Que está representada por un gran equipo de persoas, con ilusión, con capacidade, actitude e aptitude necesarias para cumprir cos obxectivos do programa electoral. Somos persoas comprometidas con Toques, que traballamos e aportamos propostas para solucionar os problemas da veciñanza. Así se puxo de manifesto no mandato que agora remata. Durante estes catro anos dende o goberno do BNG fomos capaces de estar á altura das circunstancias e grazas ao traballo realizado día a día foron moitos os logros e proxectos que se conseguiron para o concello.

- Cales serán os piares básicos do seu programa electoral?

- J.P.: Os nosos maiores; a atención dos maiores e dependentes é unha das grandes prioridades do noso grupo de goberno; proba diso é o gran incremento de horas do servizo de axuda no fogar que se vén levando a cabo nos últimos catro anos. Tamén a mellora nas actividades prestadas á terceira idade. Os nenos e mozos é outro dos piares estruturais do noso proxecto para Toques porque non nos cabe a máis mínima dúbida de que son o futuro de Toques. Por iso, somos dos concellos da comarca que máis apostamos polos nenos e nenas do municipio, proba diso é a

ampliación das actividades extra escolares que se fan dende o Concello ou a mellora nas instalacións do CEIP de Toques, tales como o patio cuberto, a colocación do parque infantil dentro do recinto, as axudas para o comedor e para material escolar, así como as numerosas actividades que se levan a cabo en Nadal, Entroido e verán. Do mesmo xeito, a mocidade tamén tivo todo o noso apoio na realización de todo tipo de actividades e seguirán contando coa nosa axuda no futuro. Outro punto son as infraestruturas e servizos públicos; a mellora nas infraestruturas viarias tales como o convenio coa Deputación pola estrada DP-4604 na mellora das curvas do Toxo, a mellora na Travesía de Souto ou as numerosas vías aglomeradas nos diferentes núcleos. Sen esquecer a mellora na iluminación pública, o aumento na subministración da auga potábel aos núcleos de poboación, así como a recollida de RSU, os saneamentos e outros servizos feitos. Por iso a nosa proposta é continuar con este traballo para chegar a mellorar todo o concello. Boa xestión local; o grupo do goberno capitaneado polo BNG fixo unha boa política de eficiencia e eficacia na xestión dos recursos económicos municipais, facendo un bo mantemento e ampliando os recursos básicos da poboación. A eliminación da débeda bancaria do Concello e a ausencia de novos endebedamentos fixo que a día de hoxe o Concello de Toques conte cunha boa saúde económica e que non teña gastos financeiros que limitarian o gasto social e en investimentos.

- Á parte das propostas do seu programa electoral, cales son para vostede os principais problemas na vila de Toques, e que solucións lles daría?

- J.P.: Nun concello pequeno como Toques son o envellecemento da poboación e a perda de poboación dos núcleos rurais. Con respecto ao envellecemento debemos seguir apostando pola atención ás persoas maiores na cobertura de tódalas necesidades que poidan ter: axuda a domicilio, axuda á dependencia, xantar na casa, desprazamento ao médico, actividades de envellecemento activo, etc. Traballaremos arreo para contar co apoio das diferentes administracións e poder conseguir un Centro de Día. Sabemos que é un proxecto custoso e de longo prazo porque demanda moitos recursos, pero cremos que é imprescindible para o noso concello. Tamén intentaremos que a xente de forma individual poida habilitar as casas de maiores como xa se está a facer noutros

concellos. Por outra parte, o despoboamento do concello cremos que está relacionado con dous aspectos: a falta de emprego directo fai que a xente nova teña que desprazarse a outros concellos para traballar e acaben vivindo alí, e a perda do valor dos sectores produtivos, agricultura e gandería fai que non haxa relevo xeracional que continúe coa actividade e que acaben pechando as explotacións. Neste aspecto traballaremos na posta en marcha dun solo industrial para facilitar o asentamento de empresas que creen postos de traballo no concello, e intentaremos pór en valor sectores produtivos como a horta, o turismo e o Camiño de Santiago coa finalidade de crear empregos directos.

- Se sae elixido alcalde, cales serán as súas primeiras medidas?

- J.P.: Reforzar os servizos sociais para dar máis cobertura aos veciños e veciñas. Intentar frear o despoboamento do concello mediante unha ordenanza municipal que prime a natalidade, a residencia no concello e a adquisición e mellora de vivenda. Modificar o PXOM para poder dotar dun pequeno solo industrial ao concello - proxecto no que xa se empezou a traballar -, e poñer en funcionamento unha casa da Terceira idade.

- De non gañar con maioría, contempla a posibilidade de pactar con outros partidos?

- J.P.: Non. Penso que para un concello pequeno como é Toques é máis positivo que governe un só grupo político que non varios partidos.

- Qué valoración fai do labor realizado pola oposición?

- J.P.: Fixo un labor bastante bo. Considero que fixo propostas construtivas e que colaborou co goberno na medida do posible.

- Considera que o Concello de Toques recibe o apoio necesario doutras administracións?

- J.P.: Por unha banda considero que non recibimos o apoio necesario por parte dalgunha administración pública. Nestes últimos catro anos vimos como algunha administración nos rexeitaba varias axudas e como nos deixaba algo de lado á hora de repartir os fondos. Levamos moito tempo reclamando apoio para as zonas protexidas da Rede Natura 2000 e a día de hoxe aínda non se conseguiu nada. E por outra banda cabe subliñar que o trato mellora se falamos da Deputación da Coruña, que si nos apoiou bastante co reparto dos fondos e fixo que o noso orzamento aumentase considerablemente.



TU GAFA MAGIC CON 2 CLIPS

Descubre la colección en afflelou.es

Por un precio máximo de 149€ (impuestos incluidos), disfruta de una montura de la colección Afflelou Tonic - línea Magic más dos clips de precio no superior a 20€/unidad (impuestos incluidos), a elegir entre los Magic Clips: clip Blueblock, clip Sun, clip Polarized, clip 3D, clip Precision, clip Nightdrive. Campaña válida en todas las ópticas ALAIN AFFLELOU de España del 15 de marzo de 2019 al 15 de marzo de 2020. Ver condiciones en óptica y web.

C/RONDA DA CORUÑA, 16
MELIDE · 981 50 60 97

ALAINAFFLELOU
ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259



“Estivemos un ano parados debido á moción de censura”

CANDIDATURA

1. Luis Lisardo Santos Ares
2. Magin Freire Fidalgo
3. Juan Vicente Aller Penas
4. Alfonso Ríos Santos
5. Ángel Manuel Vázquez Bugallo
6. Miguel Combo Aller
7. José Antonio Veiga Sánchez
8. Victoria Veiga Mejuto
9. Manuel López García

Suplentes

1. German Astray Maceiras
2. Miguel Fandiño Casal
3. Daniel Abucide Corral
4. Jose Manuel Maceiras Vázquez
5. Manuel Cotos Fernández
6. Lorena Méndez Villamor
7. Jesús Manuel Buján Vázquez
8. José Luis Ares Pérez
9. Francisco José Sánchez Cernadas
10. Antonio Corredoira Millares



Luis Lisardo Santos Ares, candidato do PSdeG-PSOE á alcaldía de Sobrado

- **Repíte vostede como candidato socialista en Sobrado (co aval de haber gañado as eleccións en 2015), que o levou a tomar esa decisión?**

- **Luis Lisardo Santos (L.S.):** O amor polo meu concello.

- **Por que diría que é vostede o mellor candidato á alcaldía que pode ter Sobrado?**

- **L.S.:** Porque se intenta traballar por e para o concello, para poder sacalo adiante día a día e porque cremos que as políticas que nós practicamos son as correctas.

- **Que balance fai do seu período de mandato como alcalde de Sobrado?**

- **L.S.:** Positivo, a pesares de que estivemos un ano parados debido á moción de censura que provocou que moitos proxectos que se ían a executar, ou que tiñamos en mente, quedasen paralizados.

- **Que medidas ou proxectos levados a cabo durante o seu mandato destacarí. Ou de cales diría que se sente máis satisfeito?**

- **L.S.:** O traballo feito en torno á potenciación do turismo coa posta en marcha do Congreso “Sentir do Norte”, a creación dunha completa guía de turismo e de novos planos do Concello, así como da instalación dunha panta-

lla de información turística. Pero tamén a reactivación da concentración parcelaria de Grixalba, a ampliación da estrada DP-8001 As Cruces – Penablanca, co primeiro treito xa executado e coa aprobación do segundo; a firma do protocolo de actuación coa Deputación da Coruña para a creación do futuro Centro de Día de Sobrado; e sen esquecer a mellora das instalacións municipais e o acondicionamento do firme de varias parroquias. Logo tamén destacarí en materia de deporte a boa sintonía coa xente moza do concello.

- **Que proxectos ou medidas desexaría haber posto en marcha?**

- **L.S.:** O Centro de Día de Sobrado.

- **Que destacarí vostede da súa candidatura, do seu equipo?**

- **L.S.:** O compañeirismo e as ganas de traballar e aportar cada día.

- **Cales serán os piares básicos do seu programa electoral?**

- **L.S.:** Os servizos sociais, a baixada de impostos, a mellora de infraestruturas do concello e os cambios no Plan Xeral de Ordenación Municipal, ademais de seguir apostando firmemente polo turismo.

- **Á parte das propostas do seu**

programa electoral, cales son para vostede os principais problemas na vila de Sobrado, e que solucións lles daría a eses problemas?

- **L.S.:** A falta de poboación e o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). As miñas solucións pasarán por facer unha modificación importante do PXOM para que os tramites para poder edificar en Sobrado sexan máis doados, o que repercutirá na creación de nova vivenda e, por conseguinte, nunha posibilidade de aumento poboacional.

- **De non gañar as eleccións coa maioría absoluta necesaria, contempla a posibilidade de pactar con outros partidos?**

- **L.S.:** Eu nun pacto, xa o dixen e fixen nas anteriores eleccións. Gobernaré a lista máis votada.

- **Que valoración fai do labor realizado pola oposición (incluída a moción de censura)?**

- **L.S.:** Denigrante.

- **Considera que o Concello de Sobrado recibe o apoio necesario doutras administracións (Xunta, Deputación...)?**

- **L.S.:** Coa Deputación si que hai moi boa sintonía e traballamos cóbado con cóbado. Con respecto á Xunta de Galicia, é moito máis partidista...



“En só un ano amosamos que si hai outra maneira de facer as cousas”

CANDIDATURA

1. María Jesús García Souto
2. Ángel López Fidalgo
3. Luz María Pintor López
4. Manuel García González
5. José Manuel Casal Lago
6. María Belén García Fandiño
7. Emilio Cabado López
8. Lucía Lamas Boado
9. José Luis Mato Sánchez

Suplentes

1. José Antonio Barral Barral
2. Luis Fernando García Fernández
3. Gonzalo Pintor Castro
4. María Quintela Varela
5. Pablo Corral Carreira
6. María Teresa Pimentel Pereiro
7. Alejandro Sánchez Abalo
8. José Luis Freire López
9. María Pilar García García
10. María Consuelo Tato López



María Jesús García Souto, candidata do PP á alcaldía de Sobrado

- Preséntase nestes comicios como candidata do Partido Popular en Sobrado, que a levou a tomar esa decisión?

- María Jesús García (M.G.):

En 2015 demos un paso adiante nunha agrupación independente de veciños, Todos por Sobrado, sen ningún interese nin a favor nin en contra de ningunha formación política, pero coa convicción de que Sobrado necesitaba deixar atrás o estancamento. Un grupo integrado por persoas alleas á política e con pensamentos e ideoloxías diversos, unidos por un proxecto común, loitar por un futuro para Sobrado, que finalmente, nunha decisión consensuada entre o equipo e con moitos veciños, apostou por continuar co proxecto posto en marcha en marzo de 2017 co Partido Popular no que contamos sempre co apoio da dirección provincial.

- Por que diría que é vostede a mellor candidata á alcaldía que pode ter Sobrado?

- **M.G.:** Nas eleccións locais, máis alá das siglas, faise política para o Concello e, sen dúbida, esta lexislatura serviu para poñer as cartas boca arriba, para amosar que a maneira de facer as cousas depende das persoas. Ao noso equipo aválanos os feitos, porque nun ano fomos quen de cumprir o prometido e de facer numerosos cambios importantes para poñer en marcha medidas de calado, e

todo isto ten que servir de base para seguir avanzando. Sobrado ten os recursos necesarios e nós contamos co mellor equipo, cos coñecementos, as ideas, a enerxía e a ilusión necesarios para loitar polo futuro.

- Que balance fai do seu período de mandato como alcaldesa de Todos por Sobrado?

- **M.G.:** A última lexislatura foi complicada en xeral e o ano que estivemos na alcaldía especialmente duro para nós, porque sufrimos unha total obstrución política e incluso administrativa. Os concelleiros non asistían ás comisións de goberno nin aos plenos, non tiñamos asesoramento por parte da secretaría municipal e iso impediunos finalizar moitos expedientes, pero aí quedaron tramitados. Nunca pensamos que cambiar o sistema fose doado así que, a nosa valoración é positiva, moi positiva, porque en só un ano fixemos unha renovación total, cumprimos o prometido no programa electoral e amosamos que si hai outro xeito de facer as cousas. E o máis importante, transmitímoslle ilusión aos veciños para que volvesen a crer que Sobrado ten futuro.

- Que medidas destacaría do seu mandato?

- **M.G.:** Como dicía, en só un ano puxemos en marcha a maior parte dos puntos do noso programa electoral. Por

exemplo, propuxemos e participamos na baixada de impostos, implementamos medidas para mellorar e legalizar un servizo tan básico e imprescindible como a auga, puxemos en marcha a legalización do punto limpo, desbloqueamos a estrada de Friol, avanzamos coa parcelaria, preparamos unha importante modificación do PXOM que garanta o futuro urbanístico, desbloqueamos a concesión de licenzas, sentamos as bases da dinamización económica que necesitamos para sobrevivir, ampliamos o horario do Concello, e sempre escoitando ás parroquias sen diferenza algunha.

- Algún proxecto que desexaría haber posto en marcha?

- **M.G.:** Como a xestión no Concello era tan mala tivemos que dedicar moito tempo a implantar cambios internos en determinados departamentos como o de urbanismo, que son difíciles de transmitir pero que son imprescindibles para que o Concello colla velocidade. Houbémosnos gustado regularizar un servizo básico como é a auga e poñer en marcha máis servizos para a xuventude e para os maiores, e máis medidas de dinamización da economía. En calquera caso, aí quedou o noso traballo e froito do mesmo o actual alcalde fai agora cursos nos locais sociais e tamén para profesionais, e iso é un orgullo para nós.

- Que destacaría vostede da súa candidatura?

- **M.G.:** A nosa candidatura é unha lista elaborada por e para Sobrado, máis completa e claramente reforzada algo que, sen dúbida, é froito da coherencia con que traballamos durante esta lexislatura. Está formada por xente de todas as idades con capacidade e ganas de traballar, con ampla formación ou unha grande experiencia vital formando en conxunto un equipo solvente e eficaz, que decide dar un paso adiante antepoñendo Sobrado a todo o demais.

- Cales serán os piares básicos do seu programa electoral?

- **M.G.:** No noso programa electoral de 2015 dicíamos que o noso proxecto se asentaba en tres piares fundamentais: un Concello transparente onde quen decidan sexan todos os veciños, dinamizar a economía local para crear riqueza e postos de traballo, e crear vivenda e servizos de atención para os veciños. Hoxe manténoos intactos porque eses son os imprescindibles para Sobrado, pero tamén porque, salvo polo que nós fixemos no ano que gobernamos, non se fixo nada máis que asfaltar. Non nos enganemos, aglomerar os camiños é importante, pero debe facerse de forma responsable, no público, e facendo un bo mantemento regular. Sobrado necesita algo máis porque o asfalto foi o único que se fixo nos últimos anos e xa vemos en que situación estamos.

- Se sae elixida alcaldesa, cales serán as primeiras medidas a tomar?

- **M.G.:** Continuar traballando na mesma liña, pero sen dúbida, empezar coa legalización e regularización do servizo de augas e continuar traballando na eliminación de trabas aos veciños.

- De non gañar con maioría, contempla a posibilidade de pactar con outros partidos?

- **M.G.:** O diálogo está no noso ADN e de feito, durante esta lexislatura, tanto cando estivemos na oposición como cando gobernamos, tentamos facer equipos de traballo para

o importante nos que participamos todos os grupos, e se non se fixeron foi porque os outros concelleiros “só querían falar nos plenos”. Se saio elixida alcaldesa, aínda con maioría absoluta, o resto dos grupos terán a nosa man tendida para recoller as súas propostas e para participar coas súas ideas. Creo que iso vai garantir que as inversións e as políticas se fagan para todos os veciños e non como ata o de agora, só para algúns.

- Que valoración fai do labor realizado pola oposición (incluída a moción de censura)?

- **M.G.:** Con respecto ao PSOE creo que nos decepcionaron a todos. En 2015 os veciños votaron cambio e o que conseguimos foi continuismo, total parálise e falta de diálogo. En canto ao antigo grupo do PP, creo que nos enredaron a todos. Nós non lles pediamos moito, simplemente apoio para poñer en marcha melloras, pero o único que conseguimos foi un obstrucionismo total. Non foron quen nin de manter a súa palabra. En xeral foron unha oposición obstrutiva que antepuxeron os seus intereses políticos aos dos veciños, incluso facendo unha moción de censura ilegal, en fraude de lei, co único obxectivo de volver ao poder e incluso manipulando a información. Menos mal que os veciños teñen cada vez máis información.

- Considera que o Concello de Sobrado recibe o apoio necesario doutras administracións?

- **M.G.:** Tanto a Xunta como a Deputación están para apoiar a todos os Concellos por igual e deberían implicarse especialmente con Concellos como o noso, que está en condicións de abandono total. Pero dende o Concello tamén debe facerse un labor moi activo de contacto e petición de axudas e posta en marcha de proxectos.

- Desexa engadir algún outro aspecto?

- **M.G.:** Só pedirllas aos veciños que nos dean unha oportunidade, o seu voto, o voto para o cambio, o voto da ilusión e do futuro.



“É tempo de que a Sobrado chegue a democracia e a transparencia”

CANDIDATURA

1. Xesús López Ares
2. Marina Vázquez Gómez
3. Jennifer Souto Mosquera
4. Xoxé Anton Amil García
5. Luis José Sánchez Sánchez
6. Marta Roca Regueiro
7. Xosé Manuel Sánchez Rei
8. Inés Castro Bello
9. María José Temprano Casal



Xesús López Ares, candidato do BNG á alcaldía de Sobrado

a Sobrado chegue a democracia e a transparencia.

- Se gaña vostede as eleccións, pero sen a maioría absoluta necesaria, contempla a posibilidade de pactar con outros partidos?

- X.L.: O BNG aspira a todo nestas eleccións e pedimos tamén o respaldo da veciñanza que está cansada de gobernos locais que día a día deterioran a imaxe do noso concello. Deixemos que os veciños e as veciñas voten o próximo día 26 e elixan as persoas que os van representar nos vindeiros catro anos. Unha vez que falen as urnas teremos ocasión de voltar a falar con vostedes, con CERNE, seguros e seguras de que o panorama vai ser radicalmente distinto ao de hoxe, precisamente grazas á veciñanza que acuda a votar.

- Preséntase vostede como candidato do BNG en Sobrado, que o levou a tomar esa decisión?

- Xesús López (X.L.): Sobrado volveu ser coñecido neste mandato municipal pola utilización máis torticeira e suxa da política. Virachaquetas segundo os seus intereses particulares desprezaron á veciñanza de Sobrado. Esta situación, xunto co arrope das compañeiras e compañeiros do BNG, fíxome dar o paso de presentarme como candidato á alcaldía nas vindeiras eleccións municipais, porque as veciñas e veciños de Sobrado non merecen este maltrato. Queremos que o noso concello sexa recoñecido pola nosa xente traballadora, aberta e sincera. Que se nos recoñeza polos nosos valores, e non polo caciquismo que exercen o alcalde e os seus subordinados.

- Por que diría que é vostede o mellor candidato á alcaldía que pode ter Sobrado?

- X.L.: No BNG temos un proxecto de concello para Sobrado, que desde logo pasa por garantir máis democracia e máis transparencia. Queremos un Sobrado que sexa coñecido pola posta en valor do noso patrimonio, por garantir máis e mellores servizos públicos, polo seu dinamismo cul-

tural e por asentar poboación en lugar de expulsala. Sobrado está moi necesitado de que as rendas do Concello as tomen persoas que non antepoñan os seus intereses persoais aos da veciñanza. No BNG témolo claro, traballaremos por mellorar as condicións de vida da veciñanza.

- Que destacaría vostede da súa candidatura, do seu equipo?

- X.L.: A pesares da situación complicada que vivimos en Sobrado, cos casos de transfuguismo que padecemos no 2015, estamos nun proceso de recuperación, sumando nova xente ao noso proxecto. Temos un equipo que combina experiencia e madurez, incorporando xuventude. A candidatura do BNG é a de todas as persoas indignadas co espertento vivido neste último mandato, a das mozas e mozos que non se resignan e queren vivir e traballar aquí, e poder estar orgullosos e orgullosas do concello ao que pertencen. Un equipo para gobernar pensando na xente, con transparencia e dando participación aos veciños e veciñas.

- Cales van ser os piares básicos do seu programa electoral?

- X.L.: Despois do acontecido a limpeza democrática e a transparencia van ser piares básicos na acción de goberno. Facemos de Sobrado un concello seguro, que defenda a igualdade e fomenta entre toda a poboación os valores que combaten as violencias contra as mulleres e a discriminación e marxinación de quen é diferente. Imos tomar medidas urxentes para impedir a expulsión de poboación que se está a producir. A xente moza non atopa oportunidades en Sobrado, e imos porlle solución. Queremos un concello vivo, dinámico, no que se xere emprego e se asente poboación. Para iso melloraremos e crearemos máis servizos públicos, atendendo tamén ás necesidades das persoas maiores e da infancia. Queremos tamén un rural vivo. Desde o goberno municipal favoreceremos o desenvolvemento do sector agrogandeiro, comezando por establecer exencións e bonificacións no recibo da Contribución (IBI), e demostrámoslle aos que ocuparon a alcaldía neste mandato que somos quen de facelo, cando eles se negaron. O resultado da súa incapacidade de gobernar é que Sobrado paga o recibo da contribución máis alto da co-

marca, sen que isto repercuta en ningunha mellora das condicións de vida da veciñanza. Finalmente, a magnífica contorna paisaxística e cultural que nos rodea é tamén un recurso que desde o Concello de Sobrado imos poñer en valor fronte o desprezo do actual goberno local. Situaemos Sobrado no mapa turístico galego, coa posta en valor de elementos como o Acampamento Romano da Ciadella ou o noso ben máis coñecido: o Mosteiro, aproveitando toda a nosa potencialidade turística para xerar retorno económico. O BNG é a única garantía de democracia e oportunidades para Sobrado.

- Que balance fai da xestión dos gobernos de Sobrado nestes catro anos tendo en conta que houbo varias mocións de censura?

- X.L.: A loita pola poltrona demostrada por todos os grupos políticos participantes nas mocións de censura fixeron ingobernabel este concello. E as nosas veciñas e veciños pagan as consecuencias desta utilización da política dunha maneira suxa e caciquil que rememora tempos pasados. É hora de rachar con isto, é hora de abrir as portas e as ventás do Concello de Sobrado para que entre aire fresco. É tempo de que

- Considera que o Concello de Sobrado recibe o apoio necesario doutras administracións (Xunta, Deputación...)?

- X.L.: Sobrado, ao igual que a meirande parte dos concellos rurais galegos, padece o desleixo da Xunta de Galiza. Desde o BNG pelexaremos diante da máxima institución galega para garantir que se nos dote de servizos públicos e se melloren os existentes. No que atinxe á Deputación da Coruña, coa presenza no seu goberno do BNG, cómpre pór en valor o grande esforzo feito neste mandato, pois por primeira vez acadouse un reparto xusto e igualitario dos fondos públicos que se achegan aos concellos a través do Plan Único e do cal Sobrado saíu moi beneficiado. Mágoa que desta distribución de fondos igualitaria e transparente o actual alcalde non soubese facer un uso racional, gastando todo en asfaltado os últimos meses do mandato no canto de facer unha distribución máis acaída dos fondos públicos, para mellorar os servizos públicos, crear emprego, evitar o despoboamento e crear unha imaxe positiva de Sobrado, como quere facer o BNG no goberno municipal que resulte das eleccións do día 26.



CCA - ASOCIACIÓN DE
EMPRESARIOS
TERRA DE MELIDE

SÁBADOS, DENTE O 1 DE XUÑO ATA O 14 DE SETEMBRO
DE 11:30 A 13:30 HORAS. Infórmate:

Tel: 981 50 61 88

MELIDE

EDUCA

BUSCA

MERCA

DISFRUTA



ACTIVIDADES PARA OS MÁIS PEQUENOS



CCA - ASOCIACIÓN DE
EMPRESARIOS
TERRA DE MELIDE



Concello de Melide



XUNTA
DE GALICIA

Moda, deseño e xoiaría, as tres grandes protagonistas da pasarela de Asetem

Unha quincena de comercios amosaron as súas tendencias para esta primavera verán nunha Casa da Cultura repleta de público



Foto final de grupo coa presentadora Eva Iglesias e varios momentos do desfile Melide Está de Moda



Había gran expectación por saber como se desenvolvería esta nova edición da pasarela Melide Está de Moda que organiza o Centro Comercial Aberto Asetem; así o puxeron de manifesto os centos e centos de persoas que asistiron á Casa da Cultura de Melide o pasado sábado 4 de maio ata lograr un cheo absoluto en canto a público.

Unha quincena de participantes

Pasados uns minutos das seis da tarde deu comezo o desfile no que este ano participaron unha quincena de firmas:

M&M, Sueños, Colorín Colorado, Pequeniños, Salacadula Shop, Mis Mejores Labores, Tu Boutik, Óptica Melide, Sisuka, Óptica Tábor, Pasarela, María Luisa Pereiro, Centro de Formación Pasarela, Deseñadora Mis Divas, Loló Deseños, Fotógrafo Carlos Pérez e Toysmaniac, encargada esta última da decoración do desfile.

Deseño e modelos profesionais e afeccionados

Modelos pequenos e adultos, así como profesionais e afeccionados ensinaron sobre o escenario cales serán as tendencias para esta primavera

verán en moda de vestir e casual, comunión, complementos, calzado, baño e lencería. Tamén no apartado de deseño puidemos gozar coas pezas a medida realizadas pola deseñadora local María Luisa Pereiro, a colección deseñada polo centro de formación Pasarela para o V Beade Fashion Day 2018; así como con un modelo para espectáculos que foi creado en exclusiva por Mis Divas para o desfile de Asetem.

Pola súa parte, Loló Deseños, que foi a encargada de sortear unha xoiá entre o público que colaborou coa Fundación Andrea, subiu ao escenario da

Casa da Cultura unha colección de xoiás contemporáneas feitas a man usando porcelana, alpaca e esmalte.

Outro dos momentos máis agardados foi a aparición dos tres candidatos da campaña *Cámbiame en Melide*: Noelia Fariña, unha moza de 27 anos de Santiago de Compostela, e Manuel Sánchez de 45 anos e María del Carmen López de 41, ambos de Melide. Tras amosar un pequeno vídeo de cómo se realizou o proceso de cambio de cada un deles, os tres candidatos acompañaron á presentadora Eva Iglesias para compartir co público como se

sentían.

Unha edición máis, a cantante e colaboradora televisiva Eva Iglesias foi a encargada de conducir o evento e interpretar varias pezas musicais de estilos diferentes. Dende Asetem valoraron de forma “moi positiva esta edición” e traballan xa na seguinte.

A pasarela Melide Está de Moda é un evento organizado polo Centro Comercial Aberto Asetem para dinamizar o comercio local en dúas edicións anuais; unha de primavera verán, e outra de outono inverno. Colabora a Xunta de Galicia e tamén o Concello de Melide.

Talleres de baile, cociña e teatro na nova campaña de Asetem



Participantes no programa *Verán Educa Melide* que Asetem desenvolveu o ano pasado, e moi semellante ao que agora porá en marcha

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) Centro Comercial Aberto vai poñer en marcha este verán unha nova campaña que persegue, coma todas, o obxectivo de dinamizar o comercio e fidelizar aos clientes. Trátase do programa *MELIDE EDUCA: Busca, merca e desfruta*, dirixido aos máis pequenos.

Con este programa Asetem quere reactivar o comercio local e apoiar o tecido comercial da zona fidelizando non só aos adultos senón tamén aos máis pequenos da casa. Como? Organizando talleres e actividades para os máis cativos todos os sábados dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro mentres os pais e nais aproveitan para mercar e realizar as súas tarefas.

Funcionamento

Para poder acceder aos talleres que se celebrarán cada sábado, os participantes deberán ter realizado compras durante o mes anterior por un importe superior a

50 euros en establecementos asociados (podendo xuntar varias compras para acadar o importe total de 50 euros); e tamén deberán presentar polo menos un ticket de compra do propio sábado no que se realiza o taller (un ticket por un importe calquera).

Para inscribirse nos talleres, que serán de baile (mes de xuño), traballos manuais (mes de xullo), cociña (mes de agosto), e teatro (mes de setembro), os interesados en participar deberán cubrir unha solicitude na oficina de Asetem ou por correo electrónico (info@asetem.com). A participación nos talleres será por orde de inscrición.

As actividades celebraranse no salón de actos de Asetem, salvo os talleres de cociña que terán lugar previsiblemente na aula de cociña do Concello de Melide, todos os sábados dende o 1/6/2019 ao 14/09/2019 en horario de 11.30 a 13.30h. O número máximo de participantes por taller é de 30 nenos/as. Máis información no teléfono 981 50 61 88.

POR SER DE XUSTIZA

A dispensa a declarar



Eva Novás
Avogada

Todos os que por algunha razón tiveron que prestar declaración nun xulgado como testemuñas recordarán as preguntas e advertencias previas que lles fixeron, tales como a obriga a contestar ás preguntas e a obriga de dicir verdade, podendo incorrer en caso contrario nun delito de falso testemuño.

Pero como toda norma ten a súa excepción, a lei tamén a prevé para este caso, e trátase da dispensa que teñen a declarar os parentes contra un membro da súa familia que estea sendo investigado nunha causa penal. Por iso, compre coñecer e asesorarse previamente das consecuencias das actuacións e declaracións realizadas en sede xudicial, de cara a poder adoptar a decisión máis correcta en cada caso.

A lei establece que están dispensados da obriga de declarar os ascendentes e descendentes do procesado, o cónxuxe ou parella análoga ó matrimonio, e os irmáns. Neste caso, cando se lles reciba declaración en sede xudicial a estes parentes, sempre deberán ser informados de forma previa respecto a que non teñen obriga de declarar nin de relatar nada que poida prexudicar ó seu familiar, pero que poderán facer as manifestacións que eles consideren. Isto pódese poñer en relación coa dispensa a denunciar, que tamén existe, aínda para o caso de que se tivese coñecemento da comisión dun delito. A lei establece que tampouco estarán obrigados a denunciar o cónxuxe do delincuente, os ascendentes e descendentes, irmáns, así como os fillos respecto da súa nai en todo caso e respecto do pai cando estivesen recoñecidos.

A modo de curiosidade, a lei tamén prevé xunto a esta dispensa a que temos os avogados a declarar respecto a calquera información que o procesado, como defendido noso, nos confíase.

Nos casos dos parentes, se existen varios procesados e a testemuña non ten lazos familiares con todos eles, ten obriga de declarar respecto ós demais, salvo que o que diga dos restantes poida prexudicar ó seu parente ou ó seu defendido, para o suposto dos avogados.

Máis controvertida é esta dispensa cando se trata dunha vítima de violencia de xénero. Por desgraza, ocorre con demasiada frecuencia que, chegado o momento de declarar, a vítima acóllese a esta dispensa para non prexudicar ó cónxuxe ou parella. No caso das relacións sentimentais, a dispensa tamén desaparece cando se trata do excónxuxe ou finalizou a relación de parella.

É imprescindible que se informe de forma clara á testemuña que estea nun destes casos sobre a posibilidade de non declarar contra o seu familiar, así como facer constar a súa decisión. Pois de non tomarse estas precaucións, podería incluso resultar nulas todas as declaracións que a testemuña fixera sen estar debidamente informada de que podía acollerse a esta posibilidade.

No caso da violencia, que a vítima se negue a declarar non significa que de forma automática finalice o procedemento. O procedemento e a acusación poderá continuar, se as probas e indicios que existen nese momento así o permiten. Pero é evidente que será moito máis complicado probar un delito deste tipo, cometido case sempre nun ámbito familiar e de intimidade, sen poder contar co testemuño da vítima.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN:

Concha Viqueira Veiras

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña) - Telf. e Fax: 981 506 188

E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Asociación Veciñal Melidá

AGRADECIMENTOS: Pilar López

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

ANIMACIÓN EN BANQUETES

COMUÑÓNS, VODAS, BAUTIZOS, ANIVERSARIOS...

FESTA BÁSICA	FESTA COMPLETA
- ANIMACIÓN CON XOGOS E MÚSICA 1 OBRADOIRO (MAQUILLAXE OU GLOBOFLEXIA) 2 MONITORES/AS 2 HORAS PREZO: 150 €	- ANIMACIÓN CON XOGOS E MÚSICA - OBRADOIRO DE MAQUILLAXE - OBRADOIRO DE GLOBOFLEXIA 2 MONITORES/AS 2 HORAS PREZO: 175 €
FESTA INCHABLE NORMAL	FESTA INCHABLE GRANDE
- ANIMACIÓN CON XOGOS E MÚSICA 1 INCHABLE (5x5 m.) 2 MONITORES/AS 2 HORAS PREZO: 180 €	- ANIMACIÓN CON XOGOS E MÚSICA 1 INCHABLE (8x5 m.) 2 MONITORES/AS 2 HORAS PREZO: 220 €
CARRIÑOS LARPEIROS	SUPLEMENTOS (PARA TODAS AS FESTAS)
- PALOMITERA (2 HORAS): 120 € - CANDY BAR (2 HORAS): 120 € - CARRIÑO DE CREPS (2 HORAS): 150 € - HOT-DOGS (2 HORAS): 150 € *50 unidades	- HORA ADICIONAL: 40 € - ACOMPANAMENTO DE COMEDOR A CARGO DE 2 MONITORES/AS: 40 € 1 OBRADOIRO ADICIONAL: 25 € - PIÑATA CON LAMBETADAS: 25 € - VISITA DE MASCOTA CON CARAMELOS (45 MINUTOS): 75 €

Para os cancelos de fora das comarcas de Terra de Melide e Arzúa engadírase ao prezo final 1,20 € por km. Prezos I.V.A. non incluído.

SEGURO

EQUIPO DE SON E MÚSICA

MONITORES/AS TITULADOS/AS

MATERIAL CERTIFICADO

Xanela
ocio e animación

Tlf. 634 24 34 69
info@xanelaoocio.com
www.xanelaoocio.com

LIBRERIA PAPELERIA

COUSAS

- Prensa e revistas
- Material escolar
- Oficina
- Informática
- Encuadernacións

- Fotocopias
- Plastificados
- Fax e Correo
- Libros de texto

Avda. da Habana, 29
 15800 Melide (A Coruña)
 Tlf.: 981 50 57 75

Leiva

motospport

- Roupas e calzado deportivo
- Máquinas de exercicio
- Bicicletas, ciclomotores e motos. Accesorios e complementos

Ronda de A Coruña, 52
 15800 MELIDE (A Coruña)
 Tfno./Fax: 981 507 334
 motocicletasleiva@msn.com

Hnos. Penas

CARNICERÍA

Máis de 25 anos ofrecendo os mellores produtos do mercado en Melide

Tlf: 609 939 198
 Avenida de Lugo, 35 (Melide)

Tlf: 680 442 545
 Rúa Quiroga, 55 (Lugo)

Do 13 ao 26 de maio, mercar no comercio local ten premio



Toda iniciativa que axude a promover e fomentar as compras no comercio local é benvida. Por iso, un ano máis o Centro Comercial Aberto Asetem participa no programa Días Azuis do Comercio Galego; unha iniciativa posta en marcha pola Federación Galega de Comercio en colaboración coa Xunta de Galicia, ABANCA e as federacións provinciais, asociacións de comerciantes e centros comerciais abertos de Galicia, que se desenvolverá do 13 ao 26 de maio, ambos días incluídos.

Dinámica da campaña

A dinámica desta edición será semellante á das anteriores. Será necesario mercar nos establecementos do comercio de proximidade galego identificados co dis-

tintivo azul dos Días Azuis, e rexistrar a compra e fotografía do ticket en www.diasazuis.com. Tamén será válido que rexistre a compra o comerciante en www.diasazuis.com/comercios, duplicando así a participación do cliente no sorteo.

Pola súa parte, unha vez rematada a campaña o sorteo ante notario dos premios celebrárase o vindeiro 29 de maio. A entrega dos premios terá lugar nun acto en Santiago de Compostela o xoves día 6 de xuño.

Premios

Nesta edición sortearanse 16.200 euros en premios para os clientes, repartidos en tarxetas prepago de 300 euros e 150 euros (para volver a mercar no comercio de proximidade galego).

Axudas á dixitalización e á modernización do comercio

A Consellería de Economía, Emprego e Industria activou un novo programa de apoios dotado con 3,8 millóns de euros para impulsar a modernización e dixitalización do comercio de proximidade galego. A convocatoria céntrase na dixitalización, na mellora da imaxe tanto dixital como física dos locais, na expansión comercial e nas novas fórmulas de comercialización, ademais de no equipamento de ferramentas que melloren o produto final.

Entre outras actuacións, no eido dixital apoiarase a implantación e actualización de páxinas web comerciais e a contratación de servizos profesionais de xestión de redes sociais, a introdución de ferramentas de márketing 4.0 ou a implantación de fe-

rramentas de xestión. O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o vindeiro 27 de maio.

A axuda directa máxima deste programa para os titulares de establecementos comerciais que leven a cabo actuacións de dixitalización poderá chegar a 21.000 euros. Tamén se poderán obter ata 15.000 euros para os proxectos relacionados coa imaxe física do local, 30.000 euros para expansión comercial e ata 33.600 euros para iniciativas relacionadas con novas formas de comercialización e equipamento.

Como novidade, promoverase a mellora da paisaxe das zonas comerciais, incentivando a homoxeneidade de deseño das fachadas de tres ou máis negocios.

SABER DE LEI



A Lei electoral



Ana Mato Salgado
Avogada

Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº 15-2º
(Melide)

Como sabemos, estes meses de maio son as eleccións municipais e moitas veciñas e veciños iredes nas listas electorais, ben como candidatos ou ben como suplentes. Moitos outros acudiredes como interventores ou como apoderados dos diferentes partidos políticos, pero isto xera unha serie de obrigacións e deberes a cumprir que veñen determinados pola Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, unha lei que pretende lograr un marco estable para as decisións políticas nas que se reflexa que o dereito de sufraxio se realice con plena liberdade; só podemos afirmar que existe democracia cando é o pobo o que libremente elixe aos seus representantes. O non cumprimento da mesma será sancionado, e incluso se podería incorrer nalgún dos delitos electorais tipificados na lei.

Os interventores e apoderados que sexan traballadores por conta allea e os funcionarios que acrediten a súa función de interventor/apoderado, teñen dereito, durante o día da votación e o día inmediatamente posterior, a un permiso retribuído da xornada completa durante o día da votación, se é laboral, e unha redución da súa xornada laboral de cinco horas no día inmediatamente posterior.

Todos os medios de comunicación teñen prohibido publicar sondaxes electorais durante os cinco días previos á votación.

Ningún poderá facer achegas superiores a 10.000 euros a un partido político.

Dende a convocatoria de eleccións ata o inicio legal da campaña, queda prohibida a realización de publicidade ou propaganda electoral mediante carteis, soportes comerciais ou insercións na prensa, radio ou outros medios dixitais, non podendo xustificarse tales actividades como ordinarias dos partidos, coalicións ou federacións.

Dende a convocatoria de eleccións ata a celebración das mesmas queda prohibida calquera acto organizado ou financiado, directa ou indirectamente polos poderes públicos que conteñan alusión ás realizacións ou aos logros obtidos por parte das entidades políticas concorrentes ás eleccións. Ao igual que queda prohibida a realización de calquera acto de inauguración de obras ou servizos públicos ou proxectos destes, calquera que sexa a denomi-

nación utilizada, sen prexuízo de que ditas obras e servizos poidan entrar en funcionamento en dito período.

Os concellos deberán reservar locais oficiais e lugares públicos de uso gratuito para a celebración de actos de campaña electoral, ao igual que deberán reservar lugares especiais gratuitos para a colocación de carteis en postes ou farois. A atribución destes espazos virá fixada polo número de votos que obtivo cada partido nas anteriores eleccións equivalentes na mesma circunscrición.

A campaña electoral dura 15 días e acaba ás 00:00 do día anterior á xornada electoral, comezando así a xornada de reflexión. Durante o día de reflexión e durante o día da xornada electoral non se poderá difundir propaganda electoral, non se poden formar grupos susceptibles de entorpecer o acceso aos locais, nin se permite a presenza nas proximidades de quenes poidan dificultar ou coaccionar o libre exercicio do voto. Nin ningún membro das candidaturas poderá pedir neste período o voto.

En caso de que non se respecten as normas, sempre que non constitúan un delito, castigarase con sancións administrativas cuxas multas poden ir dende os 300 ata os 3.000 euros no caso de funcionarios, e de 100 ata 1.000 euros se se trata de particulares. No caso de non cumprir a normativa sobre publicación de enquisas a multa pode alcanzar os 30.000 euros.

A lexislación establece algúns casos concretos que supoñen delito, especialmente o día de eleccións. Por exemplo, existen penas de 6 meses a 2 anos de cadea para funcionarios que suspendan un acto electoral sen xustificación ou prexudiquen a un candidato. Delitos máis graves tamén son os atribuídos aos funcionarios públicos, como os de consentir que algún elector vote dúas veces ou máis, cambiarlles a papeleta, ou contar mal o número de electores; estes serán castigados con entre 3 e 7 anos de cadea. O mesmo ocorre cos particulares que voten dúas veces ou máis, que se poden enfrontar a dous anos de cadea; ou os que vulneren os trámites do voto por correo que serán castigados ata a un máximo de 1 ano de cadea. E as autoridades políticas ou os partidos políticos que realicen propaganda electoral ou incumpran calquera das normas establecidas poderán ser castigados de 3 meses a 1 ano de cadea.

O voto é un dereito recollido na nosa Constitución; o sufraxio é universal, libre, igualitario, directo e secreto. Trátase dun dereito e non dun deber, o cal se traduce en que ninguén está obrigado a votar, pero, sen dubida, é un dos exercicios de liberdade que temos na nosa democracia e todos debemos ser conscientes da súa vital importancia.

Estamos ás portas do inicio da campaña electoral, da xornada de reflexión e do día das eleccións, así que só queda dicir:

A desfrutar da gran festa da democracia!

Critican a xestión da Esmorga

Duras críticas lle caeron ao goberno popular de Dalia García en Melide con motivo da celebración da Esmorga os pasados 27 e 28 de abril. Trala renuncia de varios grupos a actuar na mesma e verse na obriga de substituílos por outros, nunha nota enviada aos medios García sinalou que dende o Concello lamentaban profundamente que os motivos da baixa dos grupos fose “o malestar xerado por redes chegando a comentarios e actos violentos por ter tomado unha decisión que non vai máis alá dun tema profesional e artístico sen ningún afán de molestar a ningunha das partes, así como o perigo de que no día das actuacións se puidese xerar calquera situación violenta”.

E non só iso, Dalia García

engadiu que “se alguén se alegraba de botar abaixo un evento para afeccionados da música e do baile tradicional fraco favor lle facían a Melide e ás súas xentes”.

Ante estas palabras, dende Adiante Melide quixeron manifestar a súa “total repulsa á nota informativa” do Concello. “É unha vergoña para a cidadanía deste concello que se utilicen webs institucionais para trasladar que os veciños e veciñas de Melide son potenciais persoas violentas”, dixeron. Dende a formación política tamén engadiron que “a realidade hai que aceptala como é: unha moi mala xestión e unha das perdas económicas máis importantes para o concello de Melide e, sobre todo, a desactivación das múl-

tiples posibilidades que enxendraba a Foliada”.

Dende o PSdeG-PSOE de Melide tamén se pronunciaron. “Non podemos pasar por alto o contido de dito comunicado polo, cando menos, desafortunado, pero en todo caso lamentable, irresponsable e grave das falsidades contidas e apuntadas polo goberno para xustificar a motivación das renuncias”, indicaron. O seu voceiro, José Antonio Prado, que xa solicitou “que á maior brevidade se nos entregue por escrito a relación de gastos detallados da organización da Esmorga”, cualificou o texto do Concello de “totalmente irresponsable polo lugar en que nos deixa a todos e todas as veciñas de Melide, como se dun pobo de ‘radicais ultra-violentos’ se tratase”.

Reabre ao público o Museo da Terra de Melide tralo peche obrigado, por sexto ano, por falta de financiamento

Tralo parón invernal de catro meses ao que se ve obrigado o Museo da Terra de Melide por falta de financiamento, o pasado dous de maio a institución melidense abriu de novo as súas portas ao público. “Hoxe o Museo reabre as súas portas despois dos catro meses de parón, motivados una vez máis pola estreitura económica na que se ve inmerso dende hai xa seis anos, impedindo ter aberto todo o ano”, anunciaron nas súas redes sociais.

Do mesmo xeito, apuntaron que tralos traballos administrativos pertinentes retomarán as actividades abertas ao público que “anunciarán debi-

damente”. “Nese eido desenvolveranse actividades dirixidas ós máis cativos, en colaboración cos colexios de Melide e dos concellos veciños”, sinalaron. “Este ano van continuar os roteiros pola vila de Melide, (Roteiro polo Melide Histórico e Roteiro polo Melide das Lendas), onde ademais de narrar episodios recollidos nas fontes documentais, amosaranse as características estilísticas e construtivas dos diferentes monumentos da vila”, engadiron.

Tamén anunciaron que para este ano teñen previsto unha serie de roteiros polo Megalitismo e polos petróglifos da Comarca.

Axudas ao turismo en Toques

A Xunta de Galicia investirá este ano preto de 6.700 euros no concello de Toques para a mellora das infraestruturas turísticas e culturais do municipio. O obxectivo final destas axudas é a consolidación da oferta turística en zonas rurais como pode ser Toques.

Danos do xabaril e o lobo en Santiso

A través do seu servizo de WhatsApp, o Concello de Santiso ofrece aos veciños a posibilidade de recoller dúbidas e queixas de gandeiros, agricultores e veciños en xeral, sobre as problemáticas do rural como os danos do xabaril e o lobo para trasladalas á Consellería de Medio Rural.

Desvío do tráfico na N-547

O Ministerio de Fomento informou de que por mor das obras da autovía A-54 entre Lugo e Santiago, no treito Arzúa Oeste – Lavacolla, procederase a realizar un desvío da estrada N-547 entre los p.k. 67 ao 69. Dito desvío manterase ata as 19:00 horas do día 24 de maio.

Matrícula na Escola Infantil de Melide

A Escola Infantil de Melide ten aberto o prazo de matrícula ata o 15 de maio. Os alumnos xa admitidos non terán que someterse ao proceso de admisión, tendo a obriga de comunicar as posibles variacións socioeconómicas da unidade familiar.

Mellora da AC-934 en Sobrado

O Diario Oficial de Galicia publicou a aprobación definitiva do proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada AC-934, entre o P.K. 12+9 e 17+3, ao seu paso por Sobrado. A Consellería de Infraestruturas prevé un investimento de case 1,7 millóns para esta actuación.

Santiso, beneficiario das axudas da Risga

A Consellería de Industria apoiará na comarca de Santiago a 40 perceptores da Risga (Renda de Integración Social de Galicia). Cun investimento de máis de 507.000 euros, os beneficiados serán persoas residentes en 10 concellos, entre eles o de Santiso.

Centro de Día en Sobrado

Concello de Sobrado e Deputación da Coruña asinaron un protocolo de colaboración para a construción dun Centro de Día na antiga Escola de Sobrado. A Deputación achegará 180.000 euros, o que supón algo máis do 51% do importe total da obra, que ronda os 350.000 euros.

Melide Informa a 887 usuarios

Durante o primeiro ano de existencia da app “Melide Informa”, a ferramenta para a información local de Melide, foron un total de 887 os usuarios que se deron de alta na plataforma (803 en dispositivos Android e 84 en IOS). A aplicación é gratuíta.

Mellora da DP-8001 en Sobrado

A Deputación da Coruña investirá 544.614 euros na segunda fase das obras de ampliación e mellora da estrada provincial DP 8001 de Cruces a Penabranca, en Sobrado. Os traballos darán continuidade aos xa realizados nos tres primeiros quilómetros da vía.

Melide ampliará o ximansio

O Concello de Melide aprobou o pasado mes de abril a ampliación do ximnasio municipal cunha aula biosaudable anexa ao edificio actual. A superficie construída deste anexo será de 109 metros cadrados. O orzamento da actuación ascende a case 60.000 euros.



www.floristeriamaru.es

floristeria.maru@gmail.com



Floristería Maru / María Cabado

Floristeria MARU

Vodas, comunións, bautizos... no día máis especial elixe a confianza e o saber facer de Floristería Maru

Rúa do Convento, 9

15800 · A Coruña

Tlfs. 981 50 75 80 / 607 50 75 79





Travesía do Convento, 1
Tlf.: 981 942 415
Melide

M & M

**Tu moda en comunión,
bautizo y mucho más**



**Peluquería
Coral**

Tlfn.: 981 50 53 23
667 68 27 71
Rúa Joaquín Gundín, nº 7
(Melide)

TAXI en Melide



María Jesús Vázquez 667 682 771

**Ser
impecable
está
de moda**

CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA

www.plagostel.com
Plagostel
N.R.S. [0177-GAL-SPO]



Analíticas alimenticias | Laboratorio
Legionela | Control de plagas
Manipulación alimentos | Formación

comercial@plagostel.com | 986 118 714 | 698 163 399

MEYPA

Instalaciones eléctricas

663 972 281

INSTALACIÓN MANTENIMIENTO REFORMAS
VIVIENDAS LOCALES GRANJAS GARAJES
LED DOMOTICA DATOS PORTEROS BOMBAS AGUA ...



info@meypainstalaciones.es

“O leimotiv da asociación é defender o legado que temos de vello: a receita”

No mes do melindre por excelencia, e no que se celebra a vixésimo oitava edición da **Festa do Melindre os días 11 e 12 de maio**, conversamos co presidente da **Asociación de Repostería Tradicional**

Melide Terra Doce, Alberto Rodríguez, para coñecer un pouco máis sobre este famoso doce, o labor da entidade e os seus proxectos de futuro. Tendo en conta a evolución da Festa do Melindre, consi-

dera Rodríguez que se avanza na dirección correcta, cunha celebración en forma de “festa temática que enaltece os valores da repostería tradicional galega e non só de Melide, senón de todo o arredor”.

- Como xurdiu a Asociación?

- Alberto Rodríguez (A.R.): Produciuse un cambio xeracional nos negocios, tanto en Casa Melchora, como na panadería Tahona, na pastelería Trisquel e no Estilo, e o que queríamos a través da asociación era darlle forma a algo que viñan facendo os nosos pais, que era xuntarse e falar da festa do melindre, do sector e de todo ese ámbito. Por iso a creamos, para oficializar esa tradición dalgún xeito e darlle máis visibilidade ao noso labor. O obxectivo era potenciar o sector e facernos moito máis visibles para que se nos tivese aínda máis en conta.

- Cales son as prioridades de Melide Terra Doce?

- A.R.: O leimotiv da asociación é defender o legado que temos de vello: a receita. Por dicilo dalgunha maneira, intentar que o produto non se converta nun produto industrial, nin industrializado. Sabemos quen somos e queremos ser artesáns, evidentemente canto máis se venda mellor, pero dende a asociación pensamos que para poder levar o noso logo deberíamos ter un nexo común que é a artesanía, onde controlamos e seleccionamos as materias primas, facer o que facían antes os nosos pais. E logo, ademais desta parte específica da receita, están por suposto como prioridades fomentar, promover e difundir as bonanzas da repostería de Melide. Pensamos que temos que explicar o que facemos para darlle un valor engadido.

- Tralo cambio xeracional de anos atrás, está asegurado o futuro do melindre?

- A.R.: Co relevo xeracional que houbo hai dez ou doce anos pasamos de xente en idade de xubilación a entrar un colectivo que daquela tiñamos en torno a 30 anos. Eu creo que aí foi onde houbo risco de que probablemente si

Foto: ART Melide Terra Doce



Casa Melchora, Panadería Tahona, Pastelería Trisquel e Pastelería Estilo integran a Asociación de Repostería Tradicional *Melide Terra Doce*

se produciuse un salto ao baleiro, de que Melide quedase sen melindreiros. Agora estamos todos nunha idade en torno aos 30 e pico, 40 e eu creo que polo menos durante unha xeración máis estará garantido, e logo xa veremos. Está no labor de todos un pouco tamén, de nós como produtores e da sociedade como cliente.

- Que actividades realiza a asociación para a promoción do melindre?

- A.R.: Algo do que máis orgullosos nos sentimos en todo este tempo é da publicación dun libro. Todo isto que che estou contando recollémolo nun libro que se editou en maio de 2017 e do que se publicaron 500 exemplares. Aí falamos de como foi fundada a asociación, de cando se fundou a festa do melindre, das materias primas, a vinculación de porque en Melide había tantos fornos e muíños, e moitos outros aspectos. Logo tamén, somos festa de Interese Turístico Galego, que foi outra das prioridades que se puxo enriba da mesa, porque nos garante estar presente nun calendario promocional. E en canto a actividades temos que dicir que o

que nos gusta é desestacionalizalas, intentar que non se asocie o melindre a unha época en concreto. Participamos en obradoiros en escolas de hostalería, en feiras gastronómicas, no Fórum Gastronómico da Coruña, en xornadas con Augardentes de Galicia, etc.

- Sendo Festa de Interese Turístico Galego, pensaron en dar un paso máis?

- A.R.: É un obxectivo a longo prazo, primeiro creo que hai que asentarse moito. Habería que facelo con calma porque son necesarios moitos requisitos e podería ser como dar un salto ao baleiro.

- É o melindre o produto estrela ou vai á par que os ricos e os amendoados?

- A.R.: É o produto estrela, o que leva a fama, o máis vendido, o máis coñecido e o que máis nos distingue como pobo. Pero si é certo que os outros dous son cada vez máis coñecidos, sobre todo o rico.

- Que ten de característico cada un destes doces?

A.R.: Como vínculo especial, para min, a manteiga. A manteiga é un dos produtos de referencia da repostería galega,

e o melindre e o rico levan ese nexo común. As tres son pezas moi distintas pero sempre arrancam con materias primas moi iguais: con ovos, con fariña, o amendoado con amendoa. Elaboramos tres produtos moi distintos en textura, en sabor, pero moi harmónicos á hora de estar na mesa. E ademais que non se pelexan con outras sobremesas, por iso van ben en calquera época do ano, como no Entroido ou en Nadal.

- Cal é o segredo para facer un bo melindre?

- A.R.: A receita, e logo equivocarse. Eu aprendín a facer melindres grazas a que me corrixiron moitas veces.

- Que volume de vendas manexan?

- A.R.: Para nós, tanto durante a propia festa como ao longo de todo o ano, é moi difícil dicir unha cifra concreta, pero si que notamos que dende que se comezou a facer un pouquiño de ruído, un pouquiño de promoción, conseguimos que se incrementasen as vendas.

- Cal é o doce que máis se vende?

- A.R.: O melindre. E os ou-

tros van máis ou menos parellos. Iso si, dende hai dez anos cara aquí, dende que se constituiu a asociación e se trasladou a Festa do Melindre á praza do Convento volvendo a ser monotemática, o rico colleu moitísimo peso. Ademais o rico o bo que ten é que é exclusivo de Melide.

- Onde podemos mercar este tipo de doces?

- A.R.: A través dos establecementos asociados, e logo por exemplo, Casa Melchora sei que ten tenda en liña, e no Estilo tamén vendemos a través da páxina de Facebook. A asociación pensamos que é máis un elemento divulgador e de defensa, que de venda. Somos unha asociación, non unha cooperativa, esa é un pouco a idea.

- Como se identifican os doces orixinais da asociación?

- A.R.: Nós temos un adhesivo que é o logo da asociación e que levan todos os nosos produtos.

- De cara ao futuro, e como presidente da Asociación, algún proxecto para a promoción do melindre?

- A.R.: Temos varias opcións. Igual que o libro foi un acerto brutal, cando fixemos o libro oxalá houbésemos gravado todas as entrevistas para poder facer un documental. De todas formas, agora é unha idea que nos anda roldando pola cabeza, que estamos intentando executar de distintas maneiras e que creo que deberíamos facer en breve para recoller en vídeo toda a historia do melindre. Tamén nos gustaría facer unha pequena exposición, pero supoño que iso irá máis preto do trinta aniversario. Presentala en Melide evidentemente e despois levala por toda Galicia. E paralelo a iso, recompilar tamén nunha publicación os carteis da Festa do Melindre, porque hai algúns que son verdadeiras obras de arte.

Linguafolk en Toques

5º Festival LINGUAFOLK TOQUES

Aula da Natureza
e arredores

Homenaxe a **Antón Fraguas**, Letras Galegas 2019

Sábado 18 Maio

14:00 h: **Xantar popular**
(entradas no Concello, bar Lorena e casa Alfonso. 12€)

ACTUACIÓN DOS GRUPOS:

**O BALADO, FROITO NOVO, VIDE PRETO,
POZO PEQUENO, OS TRISQUELEIROS,
AC FIADEIRA, ACV PENA GULPILLEIRA**

Xogos populares

20:00 h: **Estrea do disco "As Terras do Medio"**
Pasarrúas previa dende o multiusos por parte de **Bingo Birón**
(Toques) **A Maristela** (Sobrado) e **Bringuelo** (Arzúa).

21:00 h: **Actuación de maxia: Fani Triana** co seu
espectáculo "As aventuras de Fani Triana no ilusionismo"

22:00 h: Actuación de:
CARAPPAUS



O vindeiro sábado 18 de maio celebrárase en Toques, na Aula da Natureza e arredores, o V Festival Linguafolk, homenaxe a Antón Fraguas, Letras Galegas 2019. Nesta ocasión os grupos participantes serán O Balado, Froito Novo, Pozo Pequeno, Vide Preto, Os Trisqueleiros, ACV Pena Gulpilleira e A C Fia-deira. Ás dúas da tarde terá lugar un xantar popular e ás oito do serán a estrea do disco "As terras do medio". Haberá tamén pasarrúas previo desde o multiusos por parte de Bingo Birón (Toques), A Maristela (Sobrado dos Monxes) e Bringuelo (Arzúa), e xogos populares. A partir das nove da tarde comezará unha actuación de maxia a cargo de Fani Triana co seu espectáculo "As aventuras de Fani Triana no ilusionismo", para ás dez da noite poñer o peche á xornada coa actuación de Carapaus.

'As Terras do Medio'
"As Terras do Medio" é un disco xurdido do traballo de case 40 músicos que incorpora sons de gaitas, tambores, pandeiretas, sachas, cunchas e bombo; e que foi editado en xaneiro deste ano.

Xantar dos maiores en Melide

Preto de 900 persoas acudiron ao xantar dos maiores que organizou o Concello de Melide. Durante a xornada tamén houbo música e baile.



Día da Nai na gardería de Melide

Os nenos e nenas que asisten á escola infantil municipal de Melide realizaron traballos manuais para agasallar as súas nais o Día da Nai.




Festival de Habaneras

A Coral Polifónica da vila de Melide rendeu un ano máis homenaxe á canción cubana con catro agrupacións durante o Festival de Habaneras.



Bronces e prata en Anaprode

Tres mozas de Melide das escolas deportivas do Concello na modalidade de ballet conseguiron presea na final de Anaprode en Tarragona.



Suave. Cremoso. Nutritivo.

Queixo Arzúa-Ulloa

O tradicional queixo galego

Certificado pola
Denominación de Orixe Protexida

queixo@arzua-ulloa.org
Tfno. e fax: 981 50 76 53



XUNTA
DE GALICIA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA Y PESCA,
ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

FEADER:
Europa invierte
no rural

Editorial

Colaboración, é o que pedimos...

Eleccións xerais, eleccións municipais... aínda que queiramos non podemos obviar, e por iso nós tamén quixemos reflexionar neste editorial sobre o que se aveciña.

Se nos paramos a analizar os resultados das eleccións xerais, a resposta foi clara, pero de todos é sabido que uns comicios locais non son comparables.

Neste número especial de maio entrevistamos a cada candidato e candidata de cada partido, de cada concello da comarca. Explicáronnos as súas propostas para os vindeiros catro anos e fixeron balance da lexislatura, ben sexa dende o goberno ou dende a oposición.

Agora, é a nosa quenda. Por iso neste pequeno espazo os empresarios queremos deixar constancia das nosas demandas e, por estraña que pareza, só temos unha: COLABORACIÓN por parte dos gobernos elixidos, sexan cales sexan.

En Melide, onde está a sede da Asociación de Empresarios, levamos pelexando contra todo tipo de atrancos durante os últimos catro anos. O último e máis recente, denegarnos a Casa da Cultura o pasado 26 de abril para ensaiar cos nenos e nenas a pasarela de moda que organiza Asetem, despois de habela reservado semanas atrás e tela concedida. O motivo? Un mitin do Partido Popular ese mesmo día ás 21.30 horas da noite.

Vaia por diante que habería tempo para todo, pois os nenos e nenas rematarían os seus ensaios antes. Pero non, cal foi a solución? Avisarnos dende o Concello ás 12.30 do mediodía de que se nos retiraba ese espazo debido á celebración do mitin do PP, e deixar aos nenos fóra e sen alternativa.

É só un exemplo dos máis recentes, pero temos para un libro. Non é este o

camiño. Hai que aparcar a soberbia e deixar entrar a humildade. Hai que dialogar, cooperar e buscar solucións entre todos. Mellor nos irá.


Dende aquí facemos ese chamamento ao diálogo, á conversa, ás entrevistas (aínda que nos custe semanas de espera que nos concedan unha), a escoitarnos e, por que non, a un debate público tal e como se fixo hai catro anos. Sabemos do interese de diferentes colectivos (entre os que nos incluímos os empresarios), e dos cidadáns por ver aos nosos representantes políticos debatendo sobre as súas propostas para Melide. Creemos que non pode haber exercicio máis democrático, xusto e necesario de cara á cidadanía.

Pola nosa parte, como sempre, tendemos a man á colaboración, que ademais é o que pedimos e o que agardamos como resposta.

Tribuna de opinión

Un fracaso

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Un fracaso. Non hai outro xeito de definilo. Iso foi a *Esmorga* do Concello de Melide celebrada a última fin de semana de abril (e en substitución da Foliada), para os empresarios da vila.

Hostalería, comercios... miremos a onde miremos as perdas foron significativas nunha fin de semana agardada por todos debido á masiva afluencia de xente, e ao que iso supoñía en canto a vendas.

Rúas practicamente desertas e locais baleiros, pese a que o tempo finalmente acompañou, foi a estampa que reinou durante toda a fin de semana.

Tendo en conta o retroceso

que supuxo para Melide a perda dunha celebración consolidada como a Foliada, dende a Asociación de Empresarios Terra de Melide consideramos de extrema necesidade a recuperación deste evento para o interese xeral de todos, tanto a nivel cultural como económico.

Agora que coñecemos o resultado da iniciativa posta en marcha dende o goberno local de Melide, agardamos que os representantes políticos que saian elixidos das urnas o vindeiro 26 de maio tomen nota e se aveñan ao seu restablecemento; sen dúbida, o máis beneficioso para o noso pobo.

O CIRCO POLÍTICO

En tempos do Imperio Romano, a clase dirixente deu coa fórmula que lle permitía controlar as clases populares: pan e circo. Ter as necesidades máis básicas satisfeitas e o tempo de lecer cuberto por algún espectáculo que desvíe a atención sobre esa clase dirixente.

Esa fórmula chegou ata os nosos días. Sen embargo, estamos asistindo a un cambio: hoxe en día o circo é a propia clase dirixente: a clase política.

Insultos, berros, histrionismos, desprestixio da persoa adversaria, mentiras e busca de titulares son as consignas de traballo da nosa clase política. Os distintos parlamentos, do Estado e das Comunidades Autónomas, e os plenos das entidades locais, non se diferencian dos

peores programas de *telebasura*.

Neste contexto, a AVMelidá quixo regresar ás orixes da democracia, convocando a unha xuntanza aos distintos partidos políticos que optan á alcaldía do Concello de Melide coa veciñanza, convertendo o local de San Antón nun *Ágora* moderno e melidao, no que falar, opinar, suxerir, criticar, preguntar e dar voltas á realidade de Melide.

Enviamos invitacións a Adiante Melide, Bloque Nacionalista Galego, Partido Popular e Partido Socialista Obrero Español, que son os partidos políticos que presentaron candidatura a gobernar o noso Concello.

A nosa proposta tivo unha excelente acollida entre as formacións políticas e desenvolvemos tres xornadas, dedi-

cadadas cada unha delas a un grupo distinto: PSdeGPSOE, BNG e Adiante Melide, por orde de intervención. Foron encontros moi interesantes e útiles, por dous motivos: non foron monólogos das persoas candidatas e foron charlas en grupo.

Democracia pura e dura, directa, real ... nun contexto difícil para as persoas candidatas: sen guión, sen saber de antemán do que se ía falar, con xentes de todas as ideoloxías e afinidades políticas, veciños e veciñas coas ideas moi claras, incisivas e críticas. Esta é a razón do éxito destas charlas: o espírito crítico da veciñanza melidá, que quere participar activamente na toma de decisións do Concello, que quere ser escoitada e respectada cada día no Pleno da corporación e non só cada

catro anos un domingo de maio.

Botamos moito en falta a presenza dos populares de Melide. Dalia García Couso asegurounos que contestarían á nosa invitación por escrito pero aínda non o fixeron, dous meses despois.

Licenciada Couso, a AVMelidá estaría encantada de contar coa súa presenza. As veciñas e veciños de Melide estaríamos encantadas de falar en común con vostede, poder preguntarlle dúbidas, facerlle suxestións e criticar os aspectos criticables da súa xestión. Sabemos que temos acceso a vostede no seu despacho no horario establecido

pero, ten que recoñecer, as reunións entre dúas persoas dan lugar a dicir o que a persoa interlocutora quere escoitar, cousa moi distinta dunha reunión en grupo con xentes de diferentes sensibilidades.

Sabemos, señora Couso, que hai que ser moi valente, ter dominio da oratoria, xenerosidade de espírito para saber escoitar e humildade para aceptar as críticas, para acoller con entusiasmo esta proposta da veciñanza.

Non podemos máis que esperar e desexar que atope esa forza no seu interior porque, estimada licenciada Couso, esas calidades son un *valor seguro* na clase política.

ASOCIACIÓN
VECINAL  MELIDÁ

Móbil: 601 60 44 88

E-mail: asociacionmelida@gmail.com

“Internet é moito máis caro no rural, e considero que iso é unha gran inxustiza”

- A modo de lembranza, como xurdiu Intermox?

- **Javier Mouriño (J.M.):** Dinme conta de que había unha necesidade de Internet nas empresas, que estaban mal conectadas, e tamén que onde peor conexión había era na casa de meus avós; é dicir, no ámbito rural, que estaba mal conectado. En resumo, vin unha necesidade que había no rural e vin unha idea de negocio, pero xurdiu a modo moi local.

- Cando xurdiu?

- **J.M.:** Cumprimos once anos no mes de maio.

- Que servizos presta Intermox?

- **J.M.:** Intermox é sobre todo un referente en banda larga para o rural, mesmo podería dicir que na actualidade somos os máis rápidos nesta área, e abarcamos toda Galicia aínda que tamén temos redes polo resto de España. Pero falando propiamente dos servizos, abarcamos Internet, teléfono e televisión. Somos como unha das grandes compañías a nivel nacional coa mesma calidade ou superior porque tamén atendemos en galego, e sempre coa filosofía dun trato próximo.

- Quen son os clientes potenciais de Intermox?

- **J.M.:** Diría que toda a poboación de Galicia, pero para ser máis exactos, toda a xente que teña un móbil é que estea conectado a Internet é cliente potencial noso.

- Cantos postos de emprego xeran actualmente?

- **J.M.:** Somos varias sociedades, pero se falamos de emprego directo, aquí en Melide son doce as persoas que traballan actualmente en Intermox. Logo á parte coordinamos a preto de 250 persoas.

- Como evolucionou o

“Intermax é unha empresa con sede en Melide, comandada polo empresario local Javier Mouriño, e con máis dunha década de traballo ás súas costas achegando tecnoloxías de comunicación avanzada (WiMAX, satélite) ás zonas do rural que aínda non contan cun servizo de calidade, competitivo e equiparable ao das contornas urbanas.”



Javier Mouriño (no centro da imaxe), durante unha reunión mantida no Mobile World Congress en Barcelona o pasado mes de febreiro

sector no que se moven?

- **J.M.:** Máis velocidade, sobre todo iso. Comezamos sendo os únicos e agora somos os máis rápidos, pero sempre centrándonos na calidade. Nós crecemos moi lentos porque temos un trato próximo co cliente, pero para min esa é a clave do éxito. Gastamos moi pouco en publicidade porque o noso mellor escaparate é o boca a boca.

- Considera que é caro o servizo de Internet no rural?

- **J.M.:** Si, desgraciadamente si, pero dende que nacemos en Intermox loitamos contra iso. É moito máis caro no rural e considero que iso é unha gran inxustiza. A fenda dixital é unha realidade que afecta ao rural galego e que non só ten implicacións na perda do benestar, senón consecuencias

“Toda a xente que teña un móbil e conexión a Internet é cliente potencial noso”

futuras no despoboamento. As grandes cidades dispoñen de fibra óptica e redes móbiles 4G, pero Intermox tamén pode ofrecer unha notable mellora nos concellos non urbanos. Logo se falamos a nivel de España, Internet é máis barato que noutros países.

- Participaron de novo este ano no Mobile World Congress, o evento tecnolóxico máis importante a nivel mundial celebrado en Barcelona. Que novidades nos pode contar?

- **J.M.:** O Mobile World Congress é unha viaxe ao futuro, alí ves o que vai aparecer nos vindeiros anos. Intermox foi quen de xuntar a máis de 25 representantes do mundo empresarial, social e deportivo da nosa terra co obxectivo de tomarlles o pulso ás tecnolóxicas máis innovadoras en redes e telefonía. Nesta experiencia participaron 15 empresas. Por certo, como curiosidade destacar que nos desprazamos ata Barcelona en vehículos que tomaban o nome de mulleres galegas representativas do seu tempo como Rosalía de Castro ou Vero Boquete.

“Do MWC de Barcelona trouxemos colaboracións importantes con grandes fabricantes”

- Cal foi o obxectivo de dita expedición?

- **J.M.:** Pór en contacto a diversos ámbitos da sociedade galega cos últimos lanzamentos e tendencias tecnolóxicas que se deron cita na feira de telefonía móbil. Nos últimos anos o Mobile World Congress está moi interesado en acoller a profesionais (empresarios, emprendedores, investigadores) cunha clara vontade de facer negocios. De feito, do congreso trouxemos colaboracións importantes con grandes fabricantes, e tamén con xente do mundo da ciberseguridade.

- Unha curiosidade, de onde vén o nome de Intermox?

- **J.M.:** De Internet máis velocidade

- Como contratamos os servizos de Intermox?

- **J.M.:** A través de redintermax.com, onde é posible deixar un número de teléfono de contacto nos formularios habilitados. A partir de aí, tentaremos resolver as posibles dúbidas sobre as diferentes tarifas e axudar aos clientes a elixir a máis axeitada en relación aos eu consumo e orzamento. Tamén ofrecemos información sobre cobertura e instalación.

Intermax

Tif: 900 866 972
Rúa Folicheiro, 20
(Melide)



Adiante Melide!

por un **cambio
necesario**



José Manuel Pérez Penas
Candidato á alcaldía de Melide